



Universidade de Santiago de Compostela

Grao en Historia

**Raíñas e mulleres na España contemporánea:  
a femineidade hexemónica na transición do século XIX ao XX a  
través das figuras de María Cristina de Habsburgo e Victoria  
Eugenia de Battenberg**

Alumno: Rodríguez Fraga, Daniel

Titora: Barral Martínez, Margarita

Departamento de Historia Contemporánea

Curso 2023-2024.

## ÍNDICE DE CONTIDOS

Resumo/Resumen/Abstract.....	3-5
Introdución.....	6-7
O ideal feminino na España do século XIX ao XX.....	7-16
A sociedade liberal burguesa e a institucionalización do ‘anxo do fogar’.....	7-10
O caso español.....	10-12
Mudanzas, voces disidentes e feminismo: camiño cara un novo modelo de muller no século XX.....	12-16
María Cristina de Habsburgo-Lorena, unha raíña “doméstica”.....	16-29
María Cristina coma raíña consorte: ‘anxo do fogar’, <i>Dona Virtudes</i> ou <i>María a Seca</i> .....	17-21
María Cristina: a Rexente.....	21-26
M <sup>a</sup> Cristina coma raíña nai: muller “obsoleta”.....	27-29
Victoria Eugenia, raíña do século XX.....	29-44
<i>Ena</i> , princesa inglesa.....	31-33
Victoria Eugenia coma raíña ‘consorte’.....	33-38
Victoria Eugenia, muller moderna e humanitaria: renovadora da Corte.....	38-44
Conclusións e reflexións finais.....	44-46
Bibliografías.....	47-51
ANEXO DE IMAXES.....	52-59

**Resumo:**

Coa construción do estado liberal-burgués na Europa contemporánea atopámonos coa edificación dunha nova dimensión das figuras monárquicas coma representantes ideais dos valores hexemónicos na sociedade. Isto faise aínda máis evidente no caso das raíñas na transición entre o século XIX e o XX, onde numerosos procesos históricos, como o desenvolvemento da loita feminista ou a inclusión da muller no mundo laboral, acabaron por rachar ca xerarquización sexual decimonónica e, por tanto, co ‘anxo do fogar’. Nacía así un novo modelo de feminidade hexemónica para comezos do século XX.

A mediatización das figuras monárquicas, así como tamén a súa representatividade icónica, permiten canalizar estas transformacións socio-culturais a través da súa proxección social. É por tanto que este Tralaballo de Fin de Grao se presenta coma unha análise da transformación do ideal feminino en España entre finais do século XIX e comezos do XX a través da representatividade de María Cristina de Habsburgo-Lorena (1858-1929) e Victoria Eugenia de Battenberg (1887-1969). Isto será exposto a través do seu axuste aos patróns de xénero da súa contemporaneidade, a relación disto coa súa presenza persoal, ás veces disidente, ou a súa importancia coma método de estudo da historia das mulleres en España.

**Palabras chave:** historia cultural, historia de xénero, feminismo, monarquía, María Cristina de Habsburgo, Victoria Eugenia de Battenberg.

**Resumen:**

Con la construcción del estado liberal-burgués en la Europa contemporánea nos encontramos con la edificación de una nueva dimensión de las figuras monárquicas como representantes ideales de los valores hegemónicos en la sociedad. Esto se hace todavía más evidente en el caso de las reinas en la transición entre el siglo XIX y el XX, donde numerosos procesos históricos, como el desarrollo de la lucha feminista o la inclusión de la mujer en el mundo laboral, acabaron por romper con la jerarquización sexual decimonónica

y, por tanto, con el ‘ángel del hogar’. Nació así un nuevo modelo de feminidad hegemónica para principios del siglo XX.

La mediatización de las figuras monárquicas, así como también su representatividad icónica, permiten canalizar estas transformaciones socioculturales a través de su proyección social. Es por tanto que este Trabajo de Fin de Grado se presenta como un análisis de la transformación del ideal femenino en España entre finales del siglo XIX y principios del XX a través de la representatividad de María Cristina de Habsburgo-Lorena (1858-1929) y Victoria Eugenia de Battenberg (1887-1969). Esto será expuesto a través de su ajuste a los patrones de género de su contemporaneidad, la relación de esto con su presencia personal, a veces disidente, o su importancia como método de estudio de la historia de las mujeres en España.

**Palabras clave:** historia cultural, historia de género, feminismo, monarquía, María Cristina de Habsburgo, Victoria Eugenia de Battenberg.

**Abstract:**

Along with the construction of the liberal-bourgeois state in the contemporary Europe, we find the formation of a new dimension of monarchical figures as ideal representatives of hegemonic values in society. This becomes even more evident in the case of the queens in the context of the transition between the 19<sup>th</sup> and 20<sup>th</sup> centuries, where lots of historical processes, such as the development of the feminist fight or the inclusion of women in the world of work, ended up breaking with the nineteenth-century sexual hierarchy and, therefore, with the ‘angel of the house’. Thus a new model of hegemonic femininity was born for the beginning of the 20<sup>th</sup> century.

The mediatization of monarchical figures, as well as their iconic representativeness, allow these sociocultural transformations to be channeled through their social projection. It is therefore that this Final Degree Project is presented as an analysis of the transformation of

the feminine ideal in Spain between the end of the 19<sup>th</sup> century and the beginning of the 20<sup>th</sup> through the representativeness of María Cristina de Habsburgo-Lorena (1858-1929) and Victoria Eugenia de Battenberg (1887-1969). This will be exposed through its adjustment to the gender patterns of its contemporaneity, the relationship of this with its personal, sometimes dissident, presence, or its importance as a study method of the history of women in Spain.

**Key words:** cultural history, gender history, feminism, monarchy, María Cristina de Habsburgo, Victoria Eugenia de Battenberg.

## **Introdución**

Paralelamente á construción dun novo modelo de estado-nación na Europa Occidental, ao longo de todo o século XIX foise conformando unha nova fórmula representativa para a monarquía baseada na proximidade co pobo e exemplaridade dos valores nos que se sustentaría as novas nacións. Así, reis e raíñas a partires de entón canalizaron os ideais de masculinidade e feminidade hexemónicos dunha sociedade en constante evolución, traballando unha proxección social e cultural icónica e representativa da norma. En España é aínda máis significativa esta exemplaridade simbólica no caso das ‘mulleres do rei’, que viviron o paso do século XIX ao XX a través da transformación do ideal feminino coma consecuencia da converxencia de varias mudanzas sociais, entre as que poden destacar a consolidación do feminismo ou os primeiros efectos dunha globalización cultural incipiente.

Este Traballo de Fin de Grao preséntase co obxectivo fundamental de observar a transformación e evolución do ideal feminino en España entre finais do século XIX e comezos do XX a través das figuras de María Cristina de Habsburgo-Lorena (1858-1929) e Victoria Eugenia de Battenberg (1887-1969), que non só nos servirán de limitación cronolóxica, senón tamén de guiión conceptual para tratar a cuestión fundamental como representacións hexemónicas da feminidade imperante que foron.

O estudo estruturarase en tres grandes apartados. O primeiro deles abranguerá o contexto cultural e social a través do desenvolvemento da construción do ideal do ‘anxo do fogar’, a súa realidade no ámbito español e unha breve explicación das mudanzas e cambios de principios do século XX que propiciaron a chegada dun novo modelo de feminidade. Neste apartado desafiaremos, cando sexa necesario, os límites cronolóxicos do estudo para rastrear as orixes históricas da tese na que se sustenta o traballo.

No segundo apartado exporanse as figuras de M<sup>a</sup> Cristina de Habsburgo e Victoria Eugenia coma representación icónica do ‘anxo do fogar’ e a nova muller do século XX respectivamente, a través sempre da súa proxección social e o seu axuste ao molde

hexemónico do ideal feminino. Tamén trataremos outras cuestións vencelladas como a relixión, a relación das mesmas coa identidade nacional ou a configuración dunha imaxe política modélica que non resultara ameazadora co modelo cultural dominante (especialmente no caso da rexencia de M<sup>a</sup> Cristina).

Finalmente condensaranse as conclusións e reflexións finais sobre o estado da cuestión a través destas dúas figuras coma icónicas representacións dentro deste proceso cultural, polo menos no que respecta á aristocracia española.

A fonte fundamental empregada no traballo é sobre todo historiográfica, unha bibliografía que se pode englobar dentro dos campos da historia cultural, a historia con perspectiva de xénero e o estudo da monarquía española. Con todo, requiriuse tamén, como é observable na exposición final da bibliografía e o anexo de imaxes, a análise de fontes gráficas e traballo de hemeroteca para exemplificar o desenvolvemento da tese argumental de todo o estudo e enriquecer o seu contido.

## **1. O ideal feminino na España do século XIX ao XX**

### **1.1. A sociedade liberal burguesa e a institucionalización do ‘anxo do fogar’**

O nacemento do arquetipo feminino decimonónico por excelencia, o ‘anxo do fogar’, veu en consecuencia co seu propio contexto histórico, marcado polos pulsos que estaba dando unha Europa con Estados-nación en construción, especialmente a partires de mediados do século XIX. Para o caso español, a imparable difusión da revolución industrial, a vitoria do mundo social burgués e o nacemento (algo inestable) dun estado liberal e parlamentario, deben ser vistos coma todo un conxunto de presupostos que conformaron un novo ideario cultural. Este, baseado na xerarquización dos espazos sociais

a través de novos paradigmas de comportamentos sexuais, foi un proceso que acabou derivando na construción dun novo ideal feminino axustado a el.<sup>1</sup>

Como explica Cantero Rosales no seu estudo *De 'perfecta casada' a 'ángel del hogar' o la construcción del arquetipo femenino en el siglo XIX*, os modos de produción transforman profundamente as formas de vida nun novo mundo económico, con corazón latente na industrialización e co ascenso da burguesía como clase social imprescindible no estado liberal, arrastrando tamén novas pautas de comportamento social. Isto veu xustificado en dous feitos que acabarán creando a imaxe do 'anxo do fogar', tan referenciado ata agora: a colocación da familia nuclear no centro do novo sistema económico e a xerarquización de dous espazos ben limitados e diferenciados entre si, referidos aos xéneros. O cambio de modelo económico provoca mudanzas no modelo da familia, e polo tanto tamén do pensamento imposto ás mulleres para que incorporaran á súa vida valores que se consideraban idóneos para o perfecto funcionamento desta nova estrutura social.<sup>2</sup>

Coa colocación da familia coma unidade de produción e consumo básicos no capitalismo burgués, os núcleos de socialización máis básicos acabaron por verse distanciados. Por un lado existía o mundo do "público", vencellado á cidadanía, ao control do traballo, á economía e á participación social, ocupado polo home a través dos presupostos sexistas da época; e polo outro, o mundo do "privado", necesariamente doméstico, oculto e, por conseguinte, con total privación dunha identidade cidadá pública. Este último espazo é ao que se viu relegada a figura da muller.<sup>3</sup>

Tamén é moi importante ter en conta que o canon feminino imperante para o século XIX foi construído por e para o ideal liberal, capitalista e burgués, e adoptado necesariamente por

---

<sup>1</sup> Taroconte Domínguez, María-José, "Una aproximación a la construcción de la mujer la España del primer tercio del siglo XX", *Cuadernos del Ateneo*, 2014, pp. 110-123; 111-112.

<sup>2</sup> Cantero Rosales, María Ángeles, "De 'perfecta casada' a 'ángel del hogar' o la construcción del arquetipo femenino en el siglo XIX". *Tonos digitales: revista de estudios filológicos*, 2007, pp. 1-59; 25-26.

<sup>3</sup> Ballarín Domingo, Pilar, *La educación de las mujeres en la España contemporánea (siglos XIX-XX)*, pp. 41-45.

unha debilitada aristocracia que comezaba a integrarse nese novo sistema de valores. Isto terá relevancia neste traballo porque o estudo se realizará sobre dúas figuras pertencentes á Familia Real, pero que aínda así viviron a súa vida e proxectaron a súa imaxe totalmente influídas polos presupostos burgueses e liberais. Ademais, tamén hai que ter en conta a influencia residual que ten o desenvolvemento do positivismo e a súa firme crenza, sustentada na misoxinia elitista da época, da superioridade biolóxica do home respecto á muller.<sup>4</sup>

Así, para establecer brevemente unhas bases que nos permitan contextualizar mellor o caso español, podemos afirmar que o arquetipo do ‘anxo do fogar’ comezou a conformarse no mundo anglosaxón dende comezos do século XIX e institucionalizouse sobre todo na etapa vitoriana. É algo primordial que o triunfo desta nova sociedade liberal, con valores patriarcais que xustifican a construción dun novo ideal feminino, ven vencellado a unha maior industrialización e a un parlamentarismo xa cimentado durante séculos na realidade inglesa. O ideal dunha muller relegada e defensora dunha esfera privada creada exclusivamente coma contraparte doméstica e apoio da proxección social e política do home, xa non só era útil, senón necesaria para construír un novo modelo de familia que sustentara a produción capitalista.<sup>5</sup>

Os valores encadrados na nova figura da muller eran de obediencia, abnegación, sacrificio, castidade e control das paixóns. Tamén debía ser entregada e emotiva co marido e os fillos, os cales recibían a súa primeira educación por parte da nai. Deste modelo normativo de muller eran excluídos calquera tipo de desenvolvemento dunha personalidade ou curiosidade propia, maior frivolidade ou oposición aos desexos do marido ou da familia, ademais da súa preferible nula presenza no espazo social público ou, como xeito anecdótico, as proximidades das fiestras (cuestión vencellada coa ociosidade e o vicio). A

---

<sup>4</sup> Cantero Rosales, María Ángeles, “De ‘perfecta’ casada a ‘ángel del hogar’...”, Op. Cit., pp. 29-31.

<sup>5</sup> Molina Puertos, Isabel, “La doble cara del discurso doméstico en la España liberal: el “ángel del hogar” de Pilar Sinués”, *Pasado y memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 2009, pp. 181-197; 185-186.

vinculación da muller á natureza e á irracionalidade tamén a excluían por completo do cultivo intelectual ou cultural propio (sempre e cando non tivera como obxectivo a edificación do seu marido ou os seus fillos, futuros cidadáns do estado liberal), polo menos sen sufrir mofa ou discriminación por parte dos seus contemporáneos.<sup>6</sup>

## 1.2. O caso español

Comprendido todo o anterior debemos mencionar que a conformación do propio ideal decimonónico español presenta unha serie de particularidades. Ademais, resulta evidente a súa relevancia para a comprensión dos complicados parámetros aos que, tanto María Cristina coma Victoria Eugenia (ambas estranxeiras) se tiveron que axustar na súa proxección da imaxe rexia ideal. Sobre todo tendo en conta, como explica Moreno Seco, que a partir do século XIX a imaxe da raíña comeza a vencellarse co arquetipo feminino imperante na sociedade contemporánea; os reis e raíñas convertíanse así en modelos de masculinidade e feminidade hexemónicos.<sup>7</sup>

A principal peculiaridade do sistema español é a incapacidade por parte do ideario burgués de substituír por completo os ideais pasados vencellados ás mulleres. Así, a construción do ‘anxo do fogar’ español acabouse facendo sobre presupostos antigos, onde a suposta inferioridade do xénero feminino e o ideario dogmático católico acabaron por complementar as novas nocións burguesas e científicas, creando un modelo de muller española doméstica pero, por enriba de todo, devota e católica.<sup>8</sup>

---

<sup>6</sup> Molina Puertos, Isabel, “La doble cara del discurso doméstico en la España...”, Op. Cit., pp. 185-188.

<sup>7</sup> Moreno Seco, Mónica e MaríaÁngeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y María Cristina de Habsburgo: dos regents entre los modos aristocráticos y los burgueses”, *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, 2014, pp. 113-138; 16-117.

<sup>8</sup> Aresti Esteban, Nerea, “El ángel del hogar y sus demonios. Ciencia, religion y género en la España del siglo XIX”. *Historia contemporánea*, 2000, pp. 363-394; 372-373.

Para observar isto con maior claridade pode ser moi útil o estudo da construción do prototipo español a partires de grandes autores clásicos para a análise idiosincrática do noso país. Achegándonos ás raíces máis afastadas no tempo, podemos tomar coma referencia a Frade Luís de León, que coa súa obra *A perfecta casada* (1583) acabou por cimentar o paradigma social da muller para todo o século XVII, baseándose en presupostos patriarcais e católicos. Así, a inferioridade da muller levaríaa a unha posición de submisión total, con especial elevación ás “virtudes” do silencio e a fidelidade extrema (chegando mesmo a xustificar a violencia), a condea da ociosidade como espertar da curiosidade, e, ademais, a demonización do consumo e o gasto. É dicir, a muller debía ser unha total servidora do marido (o cal velaba tamén pola súa respectabilidade), de aí que a construción do ideal do século XVII fora denominada por moitas historiadoras de xénero coma “escrava do fogar”.<sup>9</sup>

Unha pequena mudanza deste paradigma pode atoparse nos escritos do Frade Antonio Arbiol, especialmente na súa obra *A Familia Regulada* (1719) onde presenta unha complexa pero interesante contradición que se retroalimenta coa chegada do século XIX: a educación feminina. Co desenvolvemento da revolución industrial e o novo papel da muller como figura central do fogar quedou en evidencia que era necesaria unha formación mínima para que elas puideran exercer o seu papel como piar edificador do novo estado liberal. Por primeira vez a formación das mulleres aparecía como discurso, pero exclusivamente como incentivo e pretexto da educación dos futuros homes e cidadáns da sociedade. Isto é evidente porque algunhas figuras e voces disidentes que cuestionaron este esquema doméstico foron tachadas de “bachilleras” e ridiculizadas pola súa “excesiva” formación cultural e intelectual.<sup>10</sup>

O desenvolvemento do positivismo e o pensamento krausista tamén influíron na dominación masculina dos ámbitos vencellados á ciencia, o progreso e a racionalidade, e onde as mulleres foron relegadas ao campo residual da familia e a relixión. Ademais, esta

---

<sup>9</sup> Cantero Rosales, María Ángeles, “De ‘perfecta casada’ a ‘ángel del hogar’...”, Op. Cit. pp. 4-11.

<sup>10</sup> *Ibidem*, Op. Cit., pp. 11-16.

xustificación moralista era perfecta para os roles de xénero: a muller contaba, por natureza, cunha irracionalidade que lle permitía unha suposta espiritualidade superior á que o home non podía acceder, e isto acabou derivando nun forte vínculo entre feminidade e piedade católica en España.

Para sintetizar este apartado remataremos insistindo na idea do ‘anxo do fogar’ español coma unha expresión definida e limitada baixo os parámetros de obediencia, submisión, abnegación e coidado. Sumado a todo isto, tamén hai que destacar a importancia dos dogmas católicos, que impuñan uns valores de castidade, piedade e caridade obrigatorios no espírito feminino. A conformación da identidade nacional durante este período, moi vencellada ao catolicismo e mesmo á monarquía, acabaron por fomentar tamén uns valores de patriotismo, definido pola exaltación das festas nacionais e devoción relixiosa. Ademais, por pura comparación co ideal europeo, tamén se presentou á muller española coma unha alternativa non tan frívola e seria, senón máis castelá, alegre e en contacto coas tradicións populares, como demostraron raíñas coma María Luisa de Parma.<sup>11</sup>

### **1.3. Mudanzas, voces disidentes e feminismo: o camiño cara un novo modelo de muller no século XX**

A mudanza do arquetipo feminino estivo ligada a uns cambios socioeconómicos e políticos que tamén alteraron as concepcións fundamentais da sociedade e da familia. Porén, neste sentido a base do cambio do modelo de muller viu fundamentado nunha ruptura da estrutura xerarquizada das dúas esferas sociais repartidas de xeito sexual. É dicir, o ‘anxo do fogar’ estaba estruturado a partir dun modelo hermético e doméstico, complementario das funcións do home; porén, os cambios económicos, sociais e culturais provocarán unha inclusión da muller na esfera pública e por tanto unha ruptura dese ideal doméstico tan férreo, especialmente por mulleres da burguesía e das clases populares.

Se ben é certo que todo isto foi algo evidenciado pola aparición de voces disidentes dentro da intelectualidade feminina española, como veremos posteriormente, é necesario falar dos procesos históricos vividos na España do cambio de século. No campo que nos corresponde, podemos destacar que co inicio da Primeira Guerra Mundial (1914-1918) aconteceu en España, estado non belixerante, un incremento da produción industrial nunca visto ata o momento. Isto supuxo un importante aumento da necesidade dunha man de obra que, para verse suplida, tamén sumou ás mulleres.<sup>12</sup>

A participación feminina na industria, como explica Folguera, xa tiña os seus precedentes nalgúns lugares do territorio español, especialmente en Cataluña, onde existía un eixo crecente de produción téxtil. A inclusión das mulleres no campo laboral tamén levou consigo á participación en movementos reivindicativos e disidentes, especialmente os sindicais, o que, sumado ao seu abandono do coidado exclusivo do fogar, acabou demostrando que a división sexual das realidades sociais estaba a ser desafiada e rachada dende as súas propias bases, construíndo a un novo ideal de muller para o século XX.<sup>13</sup>

Xa dende finais do século XIX podemos observar certo rexeitamento do ideal do ‘anxo do fogar’ por parte das xa referidas ‘bachilleras’ ou mulleres intelectuais. Moitas delas, sen abandonar a fervente fe católica, acabaron por desafiar os límites da domesticidade e cuestionar as bases sexistas e tradicionalistas que servían para xustificar todo un sistema que as marxinaba. Neste sentido e pola súa grande transcendencia e contemporaneidade, podemos destacar ás galegas Concepción Arenal (1820-1893) e Emilia Pardo Bazán (1851-1921).<sup>14</sup>

---

<sup>11</sup> Moreno Seco, Mónica, “María Cristina de Habsburgo, la (in)discreta regente” en La Parra, Emilio (coord.), *La imagen del poder. Reyes y regents en la España del siglo XIX*, pp. 389-431; 413.

<sup>12</sup> Folguera, Pilar, *El feminismo en España: dos siglos de historia*, 1969, pp. 93-101.

<sup>13</sup> *Ibidem*.

<sup>14</sup> Cantero Rosales, María Ángeles, “El ángel del hogar y la feminidad en la narrative de Pardo Bazán”, *Tonos digital: revista de estudios filológicos*, 2011, pp. 1-20; 13-20.

Ambas mulleres, innegables precursoras do movemento feminista e sufraxista en España, intentaron deconstruír o modelo decimonónico doméstico a partir da reivindicación de dous dereitos básicos: o da educación (completa e equiparable á masculina) e o laboral, coa petición de traballos e soldos dignos. Neste sentido os escritos de ambas tamén nos permiten observar o seu descontento coa comunidade científica e o seu nocivo efecto na percepción social da muller, sendo criticadas no momento pola súa fe e suposta ideoloxía conservadora. Hoxe podemos ver que foron verdadeiras defensoras dunha concepción crítica e reivindicativa que supuxo un cimento da loita feminista no noso país.<sup>15</sup>

Pero para o cambio de imaxe da muller no tránsito de séculos non só debemos atender ás grandes figuras de finais do XIX, senón a un proceso moi significativo e que cambiou a sociedade (e máis o mundo feminino) por completo a inicios do século XX: a chegada do feminismo.

As causas históricas, polo menos en España, poden estar vencelladas co aumento das taxas de poboación e de alfabetización coma consecuencia da inclusión da muller no traballo industrial, que acabaron por poñer de manifesto unha realidade: as mulleres estaban presentes nos cambios sociais que abrían novos horizontes cara o século XX. Isto fixo delas un motor reivindicativo e abriu o debate da necesidade da súa formación e edificación coma parte funcional da realidade capitalista, especialmente no contexto europeo, cada vez máis próximo aos ideais democráticos contemporáneos. Ademais, xa non só a esfera doméstica quedou maiormente desvencellada da muller, senón que tamén a maternidade deixou de ser o pilar fundamental da importancia da muller na sociedade. A súa función xa non era crear e formar novos cidadáns, senón formar parte do proceso produtivo económico coma un máis. Porén, a valía de cidadanía, representada nun estado liberal co dereito básico ao voto, foi algo que non se acadou sen o desenvolvemento da loita feminista.<sup>16</sup>

---

<sup>15</sup> Aresti Esteban, Nerea, Op. Cit., “El ángel del hogar y sus demonios...”, Op. Cit. 2000, pp. 365-373.

<sup>16</sup> Taroconte Domínguez, María-José, “Una aproximación a la construcción...”, Op. Cit., pp. 117-121.

Folguera afirma que o movemento feminista foi desenvolvido de xeito tardío no noso país. As razóns son evidentes e poden atoparse nunha tamén tardía industrialización e despegue económico, así como unha certa marxinação do espazo cultural europeo da Europa industrializada. Ademais, tamén afirma que a necesidade de voto tampouco xerou unha gran loita e reivindicación no estado español polo seu propio contexto histórico; aínda estaba vivindo unha transición entre un estado liberal conservador, modelado polo modelo da Restauración, e un sistema cada vez máis democrático.

Con todo, podemos comezar a rastrexar un crecente protagonismo do feminino no espazo político e no cambio social durante o Sexenio Democrático (1868-1874). As manifestacións contra as quintas e os consumos, ademais da súa participación no movemento sindical, como ven testemuña o nacemento en 1869 en Madrid da *Asociación Republicana de Mujeres* (co explícito pretexto de loitar polas “dúas clases máis desherdadas da sociedade”), o que evidencia a equiparación da loita republicana coa da emancipación da muller, afirman a hipótese de que o desenvolvemento do feminismo español non está vencellado ao sufraxismo nin á chegada de influencias exteriores.<sup>17</sup>

Mencionando brevemente a importancia da creación de organizacións feministas a principios de século coma a *Asociación Nacional de Mujeres Españolas* (ANME, 1918), nas súas orixes o feminismo español viviu grandes dificultades e obstáculos. A primeira de todas eran as contradicións da súa propia existencia con tendencias conservadoras e católicas<sup>18</sup>, que defendían outros modelos de loita feminina que, para o tema que nos interesa no traballo, non desafiaban o modelo doméstico burgués<sup>19</sup>. Ademais, tamén existiu

---

<sup>17</sup> Folguera, Pilar, *El feminismo en España...*, Op. Cit., pp. 93-101.

<sup>18</sup> Como ben presenta Folguera, a vinculación entre o pensamento católico e os inicios do movemento feminista español é algo que, aínda que contradictorio, axudou a cimentar os estereotipos de xénero domésticos, pero á vez impulsar a educación feminina por parte de congregacións relixiosas monacais. Folguera, Pilar, *Ibidem*.

<sup>19</sup> Especialmente pola súa defensa de dereitos con base na reivindicación da maternidade coma poder único que parte da muller e que constrúe a súa utilidade social, non a súa propia dignidade. Folguera, Pilar, *Ibidem*.

unha fervente oposición por parte dos “partidos de estado” da Restauración, das autoridades relixiosas e mesmo de parte do movemento socialista español. Con todo, as súas reivindicacións sí que permitiron a construción dunha nova muller para a primeira metade do século XX.<sup>20</sup>

A muller distanciou-se da súa dimensión doméstica, abrazando novos espazos sociais, de ocio e mesmo estéticos e de costumes tradicionalmente vencelladas aos homes, coma podería ser a práctica de deportes coma rutina ou o hábito de fumar. Tamén se comezou a vincular co mundo laboral, das artes e da intelectualidade. Pero, e sobre todo para o caso español, cabe lembrar que seguen existindo anomalías conservadoras, como a remanencia dunha moralidade católica que non exime a estas novas mulleres de exercer a súa labor caritativa, piadosa, fiel e abnegada con respecto aos seus maridos, fillos e, en xeral, ao conxunto da sociedade.<sup>21</sup>

## **2. María Cristina de Habsburgo-Lorena, unha raíña “doméstica”**

Antes de comezar a desenvolver a figura de M<sup>a</sup> Cristina de Habsburgo coma raíña de España e, sobre todo, representación hexemónica da femineidade decimonónica, é preciso volver a recalcar algúns principios do contexto histórico de finais do século XIX vencellados á representatividade monárquica.

Como xa mencionamos ao comezo do traballo, a expansión do mundo burgués non só penetrou na proxección cultural e social da monarquía, senón que a elevou a un lugar de simbolismo ideal no que xogaban a cumprir as expectativas sociais da personificación do canon do momento. Así, o novo *Teatro Monárquico*<sup>22</sup> actuaba dentro duns parámetros de

---

<sup>20</sup> Folguera, Pilar, *El feminismo en España...*, Op. Cit., pp. 93-101.

<sup>21</sup> González Castillejo, María José, “Sobre identidade e rebeldía: a construción do xénero e a clase en a ditadura de Primo de Rivera”, *Baetica Estudios de Arte, Geografía e Historia*, 2009, pp. 513-524; 520-524.

<sup>22</sup> Tratado político de finais do século XVII que encapsula á perfección esta nova faceta da monarquía contemporánea, e que acabou por denominar dentro do ámbito académico á representación, case teatral, da

mediatización da figura dos monarcas nas que o rei se convertía no “virtuoso cidadán” burgués por antonomasia e a raíña na súa perfecta complementaria, evidentemente sempre dentro do xogo preformativo dos roles de xénero.<sup>23</sup>

### **2.1. María Cristina coma raíña consorte: ‘anxo do fogar’, *Dona Virtudes* ou *María a Seca***

A dimensión na que María Cristina de Habsburgo logrou proxectar a súa imaxe hexemónica coma ideal decimonónico foi a través da súa condición de muller do rei Alfonso XII. É bastante singular todo o simbolismo aglutinado arredor da figura da muller do rei, especialmente porque as súas funcións, por moi arbitrarias ou insignificantes que puideran parecer, estaban intimamente vencelladas co mantemento da estabilidade do sistema a través da maternidade. É por iso que, para estar falando de figuras completamente excluídas, polo menos de xeito teórico e constitucional, do exercicio do poder político, as raíñas consortes eran personaxes de gran importancia e de captación da atención popular pola preocupación pola descendencia coma barómetro de xuízo dos comportamentos morais de xénero.<sup>24</sup>

María Cristina de Habsburgo-Lorena, filla do arquiduque Carlos Fernando de Austria, naceu na Corte austro-húngara no 1858. Xa dende a infancia, pola austeridade e rixidez da familia imperial, toda a súa educación se viu proxectada a facer dela unha perfecta esposa para algún gran monarca europeo. Para iso os dous grandes piares da súa formación, exercida por institutrices da Corte, pero diferenciadas das dos seus irmáns varóns, foron o

---

Familia Real dentro da proxección da súa imaxe cara a sociedade. Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y matrimonio regio como estrategia de legitimación en la monarquía contemporánea”, *Historia Constitucional: revista electrónica de Historia Constitucional*, 2016, pp. 165-191; 190-191.

<sup>23</sup> *Ibidem*.

<sup>24</sup> Moreno Seco, Mónica, “María Cristina de Habsburgo, la (in)discrete...”, *Op. Cit.*, pp. 390-401.

dogmatismo católico, con valores coma a abnegación e a austeridade, e o ensino das “dotes femininas”, ámbitos considerados femininos: as artes, as labores manuais e o fogar.<sup>25</sup>

Todo isto foi algo que condicionou de xeito total a escolla de M<sup>a</sup> Cristina coma segunda consorte do rei español Alfonso XII trala morte de María de las Mercedes de Orleans en xuño do 1878. A vontade de estreitar a relación entre ambos estados e a afinidade dunha dinastía bastante relacionada (tanto Alfonso XII tiña descendía austríaca, coma ela descendencia borbónica) aumentou a proxección de María Cristina coma unha esposa perfecta para o rei viúvo, elevando os seus atributos de fervente católica e moi discreta.<sup>26</sup>

A chegada de M<sup>a</sup> Cristina a España foi recibida pola opinión pública con sospeita e a súa persoa, polo menos a través da prensa, foi posta a xuízo en comparación coa defunta María de las Mercedes. Porén tamén é certo que o crecente medo a unha falta de descendencia pola morte da anterior raíña víase superado pola chegada dunha figura que ademais era ben recibida polo seu corte conservador. Aínda que nun primeiro momento foi algo criticada pola falta de encantos en relación coa súa predecesora, sería despois aplaudida e celebrada na dimensión moral pola súa calculada e sempre subalterna presenza pública, inclusive na celebración da súa voda. Era a viva representación dunha muller do século XIX: discreta, abnegada, calada e, malia ser a muller máis mediática do país, sempre escondida detrás de figuras masculinas que impuñan valores de orde e respecto cara a sociedade.<sup>27</sup>

Unha das dimensións máis interesantes para poder observar a M<sup>a</sup> Cristina coma un debuxo fiel e vivaz do ‘anxo do fogar’ sería ver a súa actuación dentro da vida privada e na intimidade, ese mundo relegado ao espírito feminino e onde podía xogar cos valores da domesticidade sen xerar ningunha contrariedade coa súa posición rexia. Así, os principais valores defendidos pola futura rexente (1885-1902) dentro da Corte foron os da maior

---

<sup>25</sup> Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, la austríaca...”, Op. Cit., 178-179.

<sup>26</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y María Cristina de Habsburgo: dos regents...”, Op. Cit., pp. 125-131.

<sup>27</sup> *Ibidem*, pp. 119-120.

respectabilidade posible: discreción, obediencia, castidade e unha estrita rixidez moral. Ademais, a isto tamén había que sumarlle a súa gran devoción relixiosa, que a definiu como muller comprometida cos horarios litúrxicos e o rezo varias veces ó día, e a total aceptación das infidelidades do seu marido con silencio e resiliencia.<sup>28</sup>

Todo isto, se ben pode ser interpretado coma unha característica intrínseca e persoal, tamén debe ser observado como unha máxima obriga que a rexente debía manter segundo a súa posición social e a súa condición coma muller. Unha das principais consecuencias de non poder seguir estas esixencias dentro da súa conducta e mostra ao público era a deslexitimación, xa non só da súa persoa, senón, sobre todo, a do rei. A suposta carencia de identidade da muller levaba consigo que a súa dignidade fose xulgada e recaía sobre a virilidade e masculinidade do seu marido ou pai, tendo así que cumprir as máximas esixencias de respectabilidade e decoro.<sup>29</sup>

M<sup>a</sup> Cristina contribuíu, dende a súa figura coma muller doméstica, á extensión dun modelo de familia burguesa con clara distinción entre os espazos socialmente considerados masculinos ou femininos. A súa voda con Alfonso XII o 29 de novembro de 1879, polo seu concreto contexto, non puido ser explotada coma “matrimonio por amor”, unha nova concepción burguesa que tamén chegara ás monarquías europeas. Así, para preservar e seguir presentando a súa figura como un piar da familia doméstica, recorreuse á representación dela mesma coma unha esposa abnegada e unha nai totalmente entregada aos seus fillos. E, coma veremos posteriormente, seguirá mantendo este mesmo perfil de influencia coa chegada de Victoria Eugenia á Corte e cos seus netos (véxase Imaxe 1 no anexo).<sup>30</sup>

---

<sup>28</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y ...”, Op. Cit., pp. 127-129.

<sup>29</sup> Cantero Rosales, María Ángeles, “De ‘perfecta casada’ a ‘ángel del hogar’...”, Op. Cit., pp. 23-30.

<sup>30</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y...”, Op. Cit., pp. 118-121 e 176-181.

Outra das grandes vías de proxección do ideal decimonónico sobre a sociedade dependeu da elevación da muller á esfera da perfección moral, que chegou ás mulleres de clase alta, e especialmente ás raíñas, aos actos de altruísmo e caridade cos máis desfavorecidos da sociedade, xustificando así a súa penetración no ámbito público coma encarnación da solidariedade católica co próximo. María Cristina levou a cabo a principios da década dos anos 1880 numerosas fundacións de institucións relixiosas educativas, ademais de amosar un apoio inicial, tanto institucional coma económico, á Cruz Vermella Española, aínda que o seu papel aquí se verá desprazado coa chegada de Victoria Eugenia de Battenberg e a súa implicación neste campo.<sup>31</sup>

Con todo, antes de falar do cambio da súa percepción e actuación coma muller decimonónica, é moi importante resaltar algúns matices contrarios á súa persoa xa dende a súa chegada a España. Estes, hai que ter en conta, viñeron determinados por factores nun principio loados pola sociedade, pero que unha dobre moral misóxina acabou por converter en mofas ou “esaxerada virtude”. Ademais, isto dá mostra da complexa esixencia de estándares impostos ás mulleres, así como tamén á cambiante e voluble posición pública con respecto á crítica ou elevación das raíñas coma modelos de conducta para as mulleres da sociedade liberal.<sup>32</sup>

Para poder comprendelos, podemos exemplificalos en dous alcumes que a España do século XIX acabou por inmortalizar: *Dona Virtudes* e *María a Seca*. O primeiro é un caso moi significativo, porque simboliza o cambio de parecer do ideal feminino e a transformación do moralmente correcto ao moralmente excesivo. Así, *Dona Virtudes* foi un alcume empregado nun inicio coma algo positivo, ao eloxiar o seu compromiso relixioso. Porén, a medida que M<sup>a</sup> Cristina comeza a ascender na escala do poder esta devoción relixiosa comeza a tinguirse pola opinión pública de fanatismo e sectarismo en contraposición á modernidade progresista de comezos do século XX. Así, a Corte vai ser

---

<sup>31</sup> Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, la austríaca...”, Op. Cit., pp. 176-181.

<sup>32</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota. Alfonso XIII y la nación*, 2023, pp. 74.

pintada coma un convento onde os delirios católicos da rexente designan o futuro do país e inflúen na educación dun rei que xa debía ser máis moderno que o seu pai.<sup>33</sup>

O alcume de *María a Seca*, aínda que tamén vinculado á súa rectitude moral, mesmo con superioridade e altivez, facía referencia sobre todo á complexa e cambiante relación que María Cristina viviu coa hispanidade e a imposición dun patriotismo estranxeiro. Como raíña foránea intentou españolizar a súa imaxe de xeito evidente dende a súa chegada. A súa vestimenta en actos oficiais era xeralmente solemne e contaba coa clásica mantilla negra española, que despois de viúva asumiu como elemento simbólico, case inherente á súa condición de muller sufrinte (véxase Imaxe 2 no anexo). Tamén é preciso destacar a súa presenza, pero dende un silencioso protagonismo, na Exposición Universal de Barcelona do 1888, así como nos actos do IV Centenario do Descubrimento de América en Sevilla de 1892, onde se homenaxeou o pasado imperial español.<sup>34</sup>

Con todo, a súa presenza austera e vestimentas solemnes, acompañada duns gustos pouco castizos como o desagrado que amosaba pola tauromaquia, acabaron por facer dela unha mofa popular: unha muller orgullosa e demasiado encorsetada en modelos xermanos. Tampouco axudou, neste aspecto, o inicial descoñecemento do castelán, que illou a M<sup>a</sup> Cristina nunha Corte conservadora e pouco aberta á súa chegada. A mesma sociedade española que premiaba a súa abnegación e domesticidade, rexeitaba a súa suposta frivolidade e o carácter “pouco alegre”; en definitiva, pouco español.<sup>35</sup>

## 2.2. María Cristina: a Rexente

---

<sup>33</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota. Alfonso XIII...*, Op. Cit., pp. 64-74.

<sup>34</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y...”, Op. Cit., pp. 126-127.

<sup>35</sup> Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y...”, Op. Cit., pp. 184.

A percepción e necesidade de modelar a imaxe pública e popular de María Cristina nunca se fixo tan evidente como trala morte de Alfonso XII en novembro de 1885. Este suceso, de evidente impacto na realidade española, conviviu cun contexto convulso e moi complexo en termos de confianza social sobre o réxime da Restauración. Xa non só a morte do rei, a ausencia de descendencia masculina ou unha posible rexencia feminina (coa identificación da feminización coma corruptibilidade do poder) xogaban parte nesta ansiedade popular, senón que o país se atopaba en plena crise de identidade, ao ter que asumir a perda total de influencia a nivel internacional.

O réxime da Restauración, aquel sistema tan ben logrado e mantido polos seus pais, os políticos liberais conservadores e progresistas Cánovas del Castillo e Sagasta, comezaba a temer pola súa consistencia no contexto convulso da crise finisecular. A morte do rei viu poñer a tódolos políticos nunha complicada tesitura, reflectida nunha rexencia que se estendeu entre 1885 e 1902, e na que María Cristina tivo que modular a súa imaxe e xogar o seu papel político, sen perder de vista os estereotipos de xénero que tan ben encarnara dende 1879.

Neste sentido é moi interesante observar as imaxes que se construíron da rexente nada máis falecer Alfonso XII. Todo un programa iconográfico orquestrado dende as elites do país, sabedores de que a condición feminina no trono podía vincularse con emocións de febleza ou fragilidade, vindo ademais dunha muller á que se consideraba completamente ignorante en termos políticos. Por iso, non é casual que a proxección da súa figura buscara a empatía e o impacto na sociedade, pero sempre a través do recurso á súa condición de viúva e nai do rei-neno.<sup>36</sup> A esaxeración e romantización da dor de M<sup>a</sup> Cristina pola morte do seu marido foi un discurso xeneralizado durante semanas na prensa, como mostra o artigo de *La Ilustración Española y Americana*:

---

<sup>36</sup> Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, la austríaca...”, Op.Cit., pp. 164.

“Seguía con mirada anhelante y anegados en lágrimas los ojos la marcha del cortejo (...) y no se retiró a sus habitaciones hasta perder de vista el tren que llevaba el féretro al Escorial”.<sup>37</sup>

Outro dos exemplos desta narrativa que acabou resultando enormemente efectiva podémolo atopar na representación pictórica de *El último beso* (Juan Antonio Benlliure, 1887). Este óleo, actualmente conservado no Museo do Prado (Madrid), representa coa maior fidelidade posible a imaxe que María Cristina proxectou ante a sociedade española coma rexente e, sobre todo, coma encarnación esterotípica dunha muller do século XIX. No cadro, vestida de loito, amosábase fráxil e completamente devastada pola morte do rei. Porén, é máis destacable observar a súa expresión de dor, a presenza das súas fillas e do apoio de tódalas persoas presentes na sala, todas masculinas. Isto non viu senón a simbolizar a imaxe que se quería proxectar: unha nova rexente, pero ante todo unha esposa e nai doída (véxase Imaxe 3 no anexo). Se ben a súa chegada ao trono era unha anomalía e podía ser interpretada coma unha transgresión dos espazos de xénero socialmente xerarquizados, todo isto era xustifico pola dor e polo sacrificio dunha nai que gobernaría, con gran pesar, para ceder o trono ao seu fillo cando fora o momento dado.<sup>38</sup>

Esta solemnidade vencellada ao seu papel político pode ser tamén observada noutra célebre pintura, a *Jura de la Constitución por la Reina Regente María Cristina de Habsburgo-Lorena* (Francisco Javier Casanova e Joaquín de Sorolla y Bastida, 1897), actualmente atopado no Palacio do Senado (Madrid). Aquí, non só está xurando a Constitución, senón que o está a facer sen ningún tipo de vanidade, abatida e de novo vestida de loito e escoltada por centenas de homes virtuosos que se compadecían dela (véxase Imaxe 4 no anexo).<sup>39</sup> Novamente, as crónicas xornalísticas da xura da Constitución

---

<sup>37</sup> *La Ilustración Española y Americana*, 8-XII-1885, recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

<sup>38</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y...”, Op. Cit. pp. 133-134.

<sup>39</sup> Moreno Seco, Mónica, “María Cristina de Habsburgo...”, Op. Cit., pp. 419-420.

reforzaron esta imaxe, coma pode observarse na narración do xornal monárquico, *La Época*:

“La muerte del nunca bastante llorado Príncipe D. Alfonso, había conmovido de tal manera los fundamentos sociales, que todo hacía creer en una espantosa conflagración. (...) ¡Qué espectáculo más conmovedor el que acabamos de presenciar! Un pueblo inmenso, apiñado en torno de la afligida viuda y de la angustiada Reina, se agrupaba en la plaza de Cervantes”.<sup>40</sup>

Como xa explicamos anteriormente, o simbolismo arredor dos monarcas nos estados liberais europeos comezou a construírse a partir de valores coma o patriotismo, a forza e a prudencia, todos atributos vencellados á condición masculina. Os presupostos misóxinos e os estereotipos de xénero da domesticidade burguesa atribuían á muller o espazo privado vencellado ademais aos valores de obediencia, prudencia e fidelidade. Ademais, a representación dunha institución coma a monarquía é, por tradición, masculina, polo que a anomalía da condición feminina cuestionaba a súa presenza á fronte do Estado e da nación, sobre todo a partires do Desastre do 1898, a perda dos últimos vestixios coloniais ultramarinos.<sup>41</sup>

Foi precisamente por todas estas razóns que dende 1885 existiu unha ansiedade por parte do sector político de lexitimar a presenza de María Cristina máis a través dos canons de conducta axustados ao momento e menos a través da súa presenza no trono; canto máis minimizada e oculta fose esta, máis clamor popular recibiría. É dicir, a xustificación da rexencia acabouse por facer a través dos postulados de xénero e non a través da súa propia gobernabilidade, algo que volve a recalcar o feito de que as raíñas sempre foron xulgadas e vistas antes coma mulleres que coma soberanas.<sup>42</sup>

---

<sup>40</sup> *La Época*, 30-XII-1885, recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

<sup>41</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y ...”, Op. Cit., pp. 114-116.

<sup>42</sup> Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, la austríaca...”, Op. Cit., pp. 180-181.

Unha das figuras máis comprometidas co ascenso de María Cristina como símbolo da defensa dos intereses liberais foi o mesmo pai da Restauración, o político español e líder conservador Cánovas del Castillo. A preocupación deste pola suposta fragilidade ou falta de capacidade de goberno da rexente levouno a controlar os primeiros pasos do goberno desta, co fin de afianzar a súa figura transitoria e pacífica do trono ata a chegada dun herdeiro varón. Así, exerceu control e presión sobre ela para a aceptación dos puntos do Pacto do Pardo, ademais de influenciala para que, a pesar dos poucos días dende o falecemento de Alfonso XII, xurara a Constitución. Todo isto para presentala coma unha rexente comprometida co mantemento do equilibrio e a orde establecida en 1874 que cimentara o réxime da Restauración, pero sen rachar cos estereotipos de xénero.<sup>43</sup>

M<sup>a</sup> Cristina seguiu os presupostos de xénero e no plano político sempre se situou nun lugar subalterno, acompañada por homes fortes e vencellados á estabilidade do sistema. Unha muller virtuosa e discreta coma ela non se podía situar coma cabeza dun país, simplemente ocupaba un lugar simbólico sustentada por políticos varóns liberais que, aparentemente, lle axudaban a gobernar. Dentro dos grandes apoios cos que contou no plano político tamén destaca a figura de Sagasta, sempre acompañando á viúva nos actos oficiais, mesmo ás veces eclipsándoa en forma de figura paterna protectora, ou a do presidente do Senado, o compostelán Montero Ríos, co que mantiña unha estreita amizade.<sup>44</sup>

Podemos destacar nesta proxección de M<sup>a</sup> Cristina coma rexente o seu encontro, completamente pactado e enfocado a elevar á rexente coma defensora incuestionable dos valores liberais, coa raíña Victoria de Inglaterra, icona e referente dunha muller poderosa e hábil para o goberno, sen perder a solemnidade e discreción propias dunha muller do XIX. Esta cita, realizada en San Sebastián o 9 de marzo de 1889, no Palacio de Miramar<sup>45</sup>, foi

---

<sup>43</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y...”, Op. Cit., pp. 125.

<sup>44</sup> Barral Martínez, Margarita, *Montero Ríos e Compostela: un feudo clientelar*, Sotelo Blanco - Consorcio da cidade de Santiago, 2007, pp. 183-184.

<sup>45</sup> Todos os eventos son narrados con precisión polo xornal matutino *El Mediodía*, dende a chegada da raíña Vitoria de Inglaterra ao porto de Biarritz (no País Vasco francés) ata a partida desta, pasando polo recibimento

promocionada pola elite intelectual do país, mesmo por temperás referentes feministas coma podería ser Emilia Pardo Bazán. Segundo as súas propias palabras:

“Ambas reinas (...) prueban plenamente que la función política la desenvuelve de maravilla la mujer (...). La Reina Victoria y la Reina María Cristina demuestran que la mujer sabe acomodarse, con dedicada prudencia, a las imposiciones del régimen constitucional ”.<sup>46</sup>

Porén, non todo foron apoios e eloxios durante a rexencia, María Cristina tamén foi vítima de grandes críticas e desprestixios por parte da oposición. Se ben é certo que gran parte de todo este xuízo á súa figura viña pola súa excesiva presenza política, a preferencia polos gobernos conservadores ou as súas estreitas vinculacións coa relixión e cos altos mandos do exército, a meirande parte das críticas estruturáronse arredor de presupostos misóxinos burlescos e pouco realistas (véxase Imaxe 5 no anexo). Unha vez máis resulta evidente que a súa faceta coma muller volvía a aparecer sobre a súa gobernabilidade, e se isto era así era pola anomalía que presentaba unha muller na cúspide da esfera do poder, cando socialmente estaba relegada ao doméstico e a un mundo segredo.<sup>47</sup>

Finalmente, a transición do poder entre Alfonso e María Cristina en 1902 foi interpretada tamén en clave simbólica como a volta a España dunha nova era, máis pacífica, próspera e gloriosa, cun home á cabeza do Estado. A rexencia de María Cristina foi valorada polos intentos dunha nai abnegada que logrou o seu cometido: garantir pacificamente o trono ao seu fillo.<sup>48</sup>

---

da rexente M<sup>a</sup> Cristina e o intercambio de cartas autógrafas. *El Mediodía*, 9-III-1889, recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

<sup>46</sup> Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, la austríaca...”, Op. Cit., pp. 177.

<sup>47</sup> Moreno Seco, Mónica, “María Cristina de Habsburgo...”, Op. Cit., pp. 394-395.

<sup>48</sup> Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y...”, Op. Cit., pp. 175-176.

### 2.3. M<sup>a</sup> Cristina coma raíña nai: muller “obsoleta”

Un dos aspectos máis importantes para a proxección de María Cristina coma ideal da muller do século XIX foi a súa faceta dentro da maternidade e da educación do novo herdeiro ao trono español. Sendo xustos, este elemento é o fundamental para comprender as dinámicas de poder das raíñas ao longo da historia; a súa lexitimación rexia baseábase no casamento co rei para poder ter descendencia.

Comprendido isto, o seu embarazo non só axudou a afianzar a súa fráxil e débil imaxe ao comezo da súa rexencia, acadando empatía dende os valores paternalistas dunha sociedade sexista, senón que tamén consagrou a súa vixencia coma muller virtuosa e defensora dos valores monárquicos. Os períodos de xestación eran os momentos de mediatización por excelencia da imaxe dunha raíña, sobre todo porque é esa a función que se agarda dela, vendo un gran descenso no interese da opinión pública sobre elas unha vez cumpriron esa determinada misión. Como exemplificación desta mediatización da figura de María Cristina coma nai, ademais da ansiedade da opinión pública polo seu embarazado, podemos resaltar a publicación na *Gaceta de Madrid* do estado da saúde da rexente e a súa gravidez periodicamente.<sup>49</sup>

O desexo popular polo nacemento dun descendente varón que puidera continuar o reinado do idealizado Alfonso XII pode amosarse facilmente na opinión da prensa. É, se cabe, aínda máis significativa a celebración dos xornais conservadores no parto dun fillo varón, o futuro Alfonso XIII. Así, *La Época* narraba:

“¡VIVA EL REY! La patriótica inquietud que devoraba nuestros corazones ha cesado. Tras breves horas de un alumbramiento felicísimo, la Reina Cristina ha dado a luz un varón. (...) No han de faltar a la Reina en estos instantes solemnes ni la oración de los

---

<sup>49</sup> Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, la austríaca...”, Op. Cit., pp. 169-170.

católicos ni los votos de los legales: que si siempre el natalicio de un vástago regio produjo sensación.”<sup>50</sup>

Xa para o nacemento do futuro herdeiro, o príncipe Alfonso, e paralelamente a todo o desenvolvemento político da súa rexencia, a meirande parte de fotografías e representacións pictóricas de M<sup>a</sup> Cristina eran xunto cos seus fillos (véxase Imaxe 2 no anexo), realizando tarefas cotiás e nas que mostraba abertamente o seu amor maternal. O obxectivo evidente era humanizar a figura da rexente e axustala aos patróns de xénero establecidos no momento, especialmente cando ela, por estar no trono, estaba transgredíndoos lixeiramente. Tamén existiu gran difusión de imaxes de M<sup>a</sup> Cristina coma guía temperá do seu fillo Alfonso, así como anos despois, dos seus netos, coa circular, case anualmente, de fotos familiares nas tempadas estivais en San Sebastián.<sup>51</sup>

Dende 1902, a faceta abnegada e doméstica de María Cristina comeza a tomar un segundo plano nas proxeccións rexias, sendo a causa principal a transmisión da súa condición provisional do trono ao seu fillo Alfonso. Porén, mesmo neste acto institucional intrinsecamente vinculado co poder, os ideais de xénero decimonónicos seguían xogando un papel crucial. Todos estes valores son facilmente observables nas súas propias palabras, escritas nunha carta enviada no 1902 ao presidente do Consello de Ministros para ser lida na sesión de proclamación de Alfonso:

“Será la recompensa más completa de una madre, que, teniendo consagrado su vida al cumplimiento de sus deberes, pide a Dios que proteja a su Hijo”<sup>52</sup>

En 1902 María Cristina quedou desprazada do centro do poder rexio, pero non foi de xeito total e seguiu xogando un papel importantísimo no reinado de Alfonso XIII. Pero esta faceta de nai caritativa axiño tornou á opinión pública en contra dela, primeiro polo cambio

---

<sup>50</sup> *La Época*, 17-V-1886, recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

<sup>51</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y...”, Op. Cit., pp. 120.

<sup>52</sup> Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, ...”, Op. Cit., pp. 179.

no ideal de muller, cada vez máis emancipada, sobre todo do pensamento relixioso, e despois polas críticas e burlas por parte do sector republicano, que deixaban ao rei cunha imaxe de home mimado e adoutrinado pola súa nai. En termos históricos estas caricaturas non distan moito da realidade, xa que M<sup>a</sup> Cristina, ata a súa morte, foi a favorita da Corte e influenciaba nas decisións políticas do rei. O campo onde máis se expresou este poder foi o relixioso, algo evidente xa que a relixiosidade foi un fío condutor de identidade entre nai e fillo a través da educación, algo moi común no mundo familiar burgués do século XIX. A presenza das crenzas de M<sup>a</sup> Cristina a través de Alfonso na “Lei do Candado” proban estas declaracións.<sup>53</sup>

Así, a imaxe de abnegada nai e dedicada católica cada vez se tornaba máis, a ollos públicos, cara unha especie de muller calculadora, déspota, frívola e demasiado ríxida nos seus patróns morais. Dentro deste cambio de percepción tamén é moi preciso destacar o papel da chegada de Victoria Eugenia en 1906, que como veremos modernizou o modelo de muller aristocrática en España. Así, ademais de certas rivalidades con personalidades destacadas da época, coma Unamuno, María Cristina chegou a obter un último alcume por parte da sociedade española: *insoportable austríaca*. De feito, algunhas publicacións republicanas chegaron a aplaudir as múltiples e escandalosas aventuras extramatrimoniais de Alfonso XIII coma un xeito de emancipación con respecto á nai, toda unha fantasía morbosa popular.<sup>54</sup>

### **3. Victoria Eugenia, raíña do século XX**

Previamente, cabe mencionar unha serie de cambios substanciais con respecto ao contexto histórico e social no que Victoria Eugenia tivo que desenvolver a súa faceta como muller do rei. A necesidade de lexitimación do sistema da Restauración a través dun novo

---

<sup>53</sup> Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y...”, Op. Cit., pp. 133.

<sup>54</sup> *Ibidem*, pp. 133-134.

rei, Alfonso XIII, xogaba un papel fundamental dentro das principais preocupacións do sector político do país, sobre todo cando o novo soberano sí que excedía a súa capacidade de gobernabilidade constitucional. A gran presenza do exército durante as primeiras décadas do século XX tamén cobra importancia na construción da identidade simbólica da raíña, especialmente a partir do 1923 e o inicio da ditadura militar baixo o mandato de Primo de Rivera, coa permisividade do monarca.<sup>55</sup>

Dentro do ámbito social tamén atopamos grandes cambios. O máis substancial, no contexto español, sería a influencia da Primeira Guerra Mundial no despegue da industrialización e no fomento das tendencias sociais disidentes do sistema, con especial énfase no movemento obreiro, o republicanismo ou o feminismo, polo menos na súa dimensión laboral-sindical. Uns novos valores que irradian a sociedade do século XX tamén se teñen que axustar a un novo modelo de muller, que, pola súa inclusión no mundo laboral e na raíz da transformación social, cada vez abandona máis a esfera doméstica e privada para gañar forza no ámbito político e público. A diferenza de María Cristina de Habsburgo, a Victoria Eugenia xa se lle esixían uns valores e criterios políticos, aínda que non deba exercelos.<sup>56</sup>

Ademais, o mundo cultural do século XX, por irradiación dos valores anglosaxóns, cada vez incluía máis á muller nos seus espazos de sociabilidade a través dun ideal menos ríxido. A xovialidade e a beleza comezan a eclipsar outros valores ideais de muller aristocrática, coma a relixiosidade e a discreción, aínda que non de xeito total. Existe un xogo de dobre moral no que se esixe frescura e modernidade pero sen perder a solemnidade nacional, en comparación co contexto europeo. Noutras palabras, buscábase un envoltorio moderno para uns valores tradicionais.<sup>57</sup>

Finalmente, antes de abranguer a vida e proxección do ideal que encarna Victoria Eugenia de Battenberg, é preciso aclarar que na esfera monárquica observamos un novo contexto

---

<sup>55</sup> González Castillejo, María José, “Sobre identidad y rebeldía: la...”, Op. Cit., pp. 513-520.

<sup>56</sup> *Ibidem*, pp. 517-520.

<sup>57</sup> Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y matrimonio regio...”, Op. Cit., pp. 183-190.

lixeramente diferente ao século XIX. Se cando falamos da proxección da Familia Real de María Cristina marcamos a influencia dos valores liberais, coa entrada no século XX o mundo ideolóxico burgués codifica completamente as actuacións e a imaxe que se quere presentar dos monarcas. O que algúns historiadores denominan coma *welfare monarchy* concentra valores coma o amor romántico, a familia cariñosa e unida ou a necesidade e o recurso á caridade e o valor humanitario de cara á popularización da figura dos monarcas, cada vez máis mediatizados.<sup>58</sup>

### **3.1. Ena, princesa inglesa**

A breve explicación da infancia e das orixes de Victoria Eugenia (1887-1969) son totalmente cruciais para comprender a construción da súa imaxe coma raíña e as percepcións públicas en España sobre a súa figura. Nada en Escocia baixo o nome de Victoria Eugenia de Battenberg<sup>59</sup>, foi filla da filla favorita da raíña Vitoria. A condición do favoritismo da raíña pola princesa Beatriz condicionou por completo a vida temperá de Victoria Eugenia, que viviu sempre nos máis íntimos círculos da Corte rexia pola negativa da soberana de abandonar á súa filla (que mesmo fixo que o seu marido, o príncipe alemán Enrique de Battenberg, vivira na Corte).<sup>60</sup>

Victoria Eugenia rapidamente se converterá na neta favorita da emperatriz británica (véxase Imaxe 6 no anexo), e, como ela mesma lembra na entrevista biográfica realizada por Mariano Gómez Santos e publicada no 1969, toda a súa infancia e educación quedou vencellada a iso. A rixidez moral de Victoria ensinoulle discreción e obediencia, valores que ela mesma respectou e empregou na súa labor coma raíña. Tamén é preciso aclarar que o ambiente no que Victoria Eugenia se criou estivo moi influenciado polo dogmatismo

---

<sup>58</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota...*, *Op. Cit.*, pp. 196-197.

<sup>59</sup> Victoria pola súa avoa, Eugenia pola súa madriña (Eugenia de Montijo) e Ena por ser un nome popular en Escocia, terra natal da princesa.

<sup>60</sup> Gómez Santos, Mariano, *La Reina Victoria Eugenia De Cerca*, 1969, pp. 21-36.

anglicano, sendo ela mesma bautizada polo deán da catedral de Edimburgo, Cameron Lees. Ademais, a súa avoa viviu sempre os principios da relixión oficial británica coma preceptos morais polos que educar aos seus fillos e aos seus netos, ademais de respectalos na súa vida privada familiar, moi condicionada tamén pola domesticidade burguesa.<sup>61</sup> A súa vinculación coa relixión anglicana coma signo de identidade e vinculación coa súa familia materna xogará un papel fundamental na confrontación que vivirá Victoria Eugenia trala súa chegada a España.<sup>62</sup>

A educación que recibiu estivo rexida por institutrices e educadoras francesas e alemás da Corte, e foi guiada polos preceptos da nai e avoa. Como muller aristocrática do século XIX, gran parte da súa formación estivo destinada a facer dela unha boa esposa, ademais do aprendizaxe de algo de artes, literatura clásica e as principais linguas europeas. Con todo, o máis excepcional da súa infancia foi a súa estreita relación cos seus tres irmáns varóns. Isto, algo nada común na aristocracia decimonónica, materializouse xa non só no desenvolvemento de amizade profunda con eles, senón a formación de Victoria Eugenia en campos xeralmente masculinos ou excluídos para as mulleres coma a equitación ou a condución (véxase a Imaxe 7 no anexo). Isto espertou na princesa raras costumes para unha muller de finais do século XIX, sobre todo ante a opinión pública española, coma fumar tabaco ou un gran gusto pola moda, os automóbiles e as xoias, algo que tamén compartía coa súa avoa.<sup>63</sup>

A vida de Victoria Eugenia na Corte inglesa estivo marcada pola sobreprotección, pero tamén por un favoritismo que lle permitiu, como xa vimos, transcender algúns ríxidos marcos de estereotipos de xénero en favor de desenvolver unha personalidade e inquietudes propias. Tamén podemos destacar a figura da súa madriña, Eugenia de Montijo, mellor amiga da súa avoa e tamén confidente dela, que non só fomentou o seu casamento co

---

<sup>61</sup> Gómez Santos, Mariano, *La Reina...*, Op. Cit., pp. 22-25

<sup>62</sup> *Ibidem*, pp. 91-105

<sup>63</sup> *Ibidem*, pp. 30-32.

príncipe Alfonso de España senón que foi o único contacto que tivo Victoria Eugenia con España durante gran parte da súa xuventude. Porén, as concepcións existentes da Corte española por parte do círculo de Buckingham (un dos máis modernos do momento) non eran do todo positivas, senón todo o contrario: irradiábanse valores de fanatismo relixioso, solemnidade, conservadorismo e escurantismo.<sup>64</sup>

### **3.2. Victoria Eugenia coma raíña ‘consorte’**

Victoria Eugenia como raíña consorte foi sempre contemplada coma un complemento da representación nacional viril por definición, Alfonso XIII, elevado á máxima masculinidade burguesa a través do patriotismo. Así, a raíña consorte reafirmaba dita imaxe proxectada nel a través das súas facetas coma esposa e nai, nunha complementariedade matrimonial que, para o público, debía permanecer idealizada e estable, por moito que a realidade privada fora ben distinta.<sup>65</sup>

O enlace entre Alfonso e Victoria Eugenia, se ben formaba parte de todo un programa político liberal de achegar a España á alianza franco-británica no contexto europeo, en principio foi toda unha sorpresa, a encarnación perfecta do soño burgués do amor romántico. O primeiro encontro produciuse nunha visita oficial do rei a Inglaterra co obxectivo de oficializar a hipotética futura relación coa princesa Patricia, a que en principio ía ser a nova raíña de España. Con todo, o seu suposto namoramento de Victoria Eugenia, curmá da primeira, pola súa afinidade e o posterior intercambio de correspondencia acabaron por cimentar unha relación que, si ben non era a agardada, contaba tamén co apoio da política liberal española.<sup>66</sup>

---

<sup>64</sup> Gómez Santos, Mariano, *La Reina...*, Op. Cit., pp. 20-22.

<sup>65</sup> Barral Martínez, Margarita e Alfonso Iglesias Amorín, “Alfonso XIII, ese hombre: masculinidad, nación e imperio”, *Ayer*, 2023, pp. 225-281; 230-240.

<sup>66</sup> Gómez Santos, Mariano, *La Reina...*, Op. Cit., pp. 45-50.

Observando o xogo político, podemos ver como Victoria Eugenia non só foi escollida por sentimentalismo pasional, senón tamén por unha vontade dentro do círculo do rei. Por parte dos partidos gobernamentais, como xa dixemos, a futura raíña contaba con total apoio pola súa representación do achegamento de España ás grandes potencias europeas de inicios do século XX: Reino Unido e Francia. Porén, a opinión pública contou con algo de reticencias coa escolla de Victoria Eugenia coma namorada do rei nun principio. Se ben era vista coma unha esperanza de civilización e progreso, idealizada a través da vista do pobo español de Inglaterra coma unha potencia industrializada e á vangarda da modernidade, xornais coma *Siglo Futuro* criticaban a escolla coma un sometemento ao imperialismo vitoriano<sup>67</sup>. A súa relixiosidade protestante e supostas conexións masónicas (e un inventado pasado xudaico) tamén provocaban rexeitamento por parte da nai do rei, María Cristina, cuxas pretensións de casamento ca princesa católica alemá Victoria Luisa, filla de Guillermo II, non chegaron moi lonxe.<sup>68</sup>

A chegada de Victoria Eugenia a España veu acompañada dun clamor popular que compraba o discurso transformador deste enlace ca representación dos novos ideais que debía representar a nova España: Alfonso, un ‘rei-soldado’ dunha raza apaixonada, e Vitoria, unha moderna e loura princesa setentrional.<sup>69</sup> Para o día da voda, o 31 de maio do 1906, Victoria Eugenia veu Madrid adornado e todas as caravanas de aristócratas (tanto españois coma invitados europeos) foron aclamadas polas rúas no traxecto entre a Igrexa de San Xerónimo e o Palacio Real. Xustamente neste periplo, pola Rúa Maior da capital, a parella real sufrirá un atentado por parte do anarquista Mateo Morral, que arroxou unha bomba envolta nun ramo de flores (véxase a Imaxe 8 no anexo).

---

<sup>67</sup> “La nieta del judío Hacke y la criada Kettel. (...) Los tradicionalistas alertaron sobre el sometimiento de España a la categoría de colonia británica”. Moreno Luzón, Javier, *Alfonso XIII, el...*, Op. Cit., pp. 96.

<sup>68</sup> Barral Martínez, Margarita, “Alfonso XIII visita Galicia: de peregrino real a turista de élite”, en *Idem* (ed.), *Alfonso XIII visita España. Monarquía y nación*, Comares, 2016, pp. 101-125; 106.

<sup>69</sup> Gómez Santos, Mariano, *La Reina...*, Op. Cit., pp. 67-68.

O acto, en principio interpretado coma acción de organizacións secretas coma a Man Negra, acabou sendo un asalto dunha rede de insurxentes que comprendían o rexicidio coma unha forma de xustiza proletaria, e resultou en 23 mortos e máis dun centenar de feridos. Con todo, tanto Alfonso XIII coma Victoria Eugenia amosaban calma e serenidade, cambiando de transporte oficial en medio da rúa e seguindo o protocolo da cerimonia: o saúdo real dende o balcón á mañá seguinte e o paseo pola capital case sen escolta e en automóbil. As principais aclamacións, “raíña guapa” e “rei valente”, dan mostra de que este acto foi imprescindible para cimentar a percepción e proxección que quería dar o matrimonio real en termos de estabilidade nacional, reforzando os estereotipos de marido valente e orgulloso e unha esposa confiada a el.<sup>70</sup> Tamén as narracións xornalísticas intentaron explotar esta traxedia coma unha demostración dos ideais femininos hexemónicos a través dunha raíña que inclusive ante a desgracia, soubo manter a calma:

“La Reina, pálida, emocionadísima, procuraba sonreír, haciendo esfuerzos para ocultar las lágrimas que acudían a sus ojos, y preguntando sin cesar por las víctimas”.<sup>71</sup>

A relación que mantiveron a opinión pública e a imaxe que defendeu a nova raíña de España foi complicada e evolucionou ao longo do tempo. A raíña veu obstáculos para conciliar a súa posición coma esposa abnegada, á vez que amosar a tan ansiada modernidade e non ceder ante a estética e comportamentos da Corte española, padecendo dificultades polo camiño que minarán a súa popularidade.<sup>72</sup>

A primeira destas complicacións virá pola cuestión do idioma. Na Corte inglesa, ao igual que España non era valorada coma potencia amiga, tampouco era o castelán un idioma diplomático, polo que Victoria Eugenia aprendeu na súa infancia francés e alemán, pero nunca a lingua do seu novo país. A súa intención de aprendelo chegou coa súa inserción

---

<sup>70</sup> Hijano Pérez, Ángeles, “Ena de Battenberg, las desgracias de una reina”, *Aportes. Revista de Historia Contemporánea*, 2019, pp. 131-155; 141-143.

<sup>71</sup> *La Época*, 01-VI-1906, recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

<sup>72</sup> Hijano Pérez, Ángeles, “Ena de Battenberg...”, Op. Cit., pp. 141-143.

nunha Corte que, por non falalo, a marxinou e illou nun primeiro momento, ademais de non facilitarlle un instructor para a tarefa. Para cando o dominou por aprendizaxe natural na Corte española xa gañara fama de altiva, seca e demasiado fanática do mundo anglosaxón como para relacionarse co espírito casto nacional por definición. Aparte de non conseguir un círculo íntimo e seguro de amizades dentro de Palacio nos primeiros anos, Victoria Eugenia sufriría a mofa do séquito real e a opinión pública a través do alcume de ‘Pavo real’.<sup>73</sup>

Outro dos grandes problemas que viviu Victoria Eugenia para cumprir o ideal rexio e non desafiar os canons de xénero españoles virá de man da relixión e a súa confesión protestante. Esta formaba parte da súa propia identidade coma integrante da Familia Real inglesa, ademais dun vínculo emocional coa súa avoa e a súa nai. Porén, para casar con Alfonso os círculos políticos españois (e a inquietude popular) obrigaron á princesa inglesa a abxurar da súa relixión e bautizarse na doutrina católica, recoñecendo así a soberanía do Papa. Este evento, realizado no Palacio de Miramar o 7 de marzo do 1906, foi lembrado por ela mesma coma un dos momentos máis humillantes e tristes da súa vida, ademais de convertelo nunha conversación popular tanto en España coma en Inglaterra da súa fidelidade á antiga e á nova relixión.<sup>74</sup>

A importancia que cobra a maternidade coma piar fundamental da configuración da imaxe pública dunha raíña é innegable. Como xa vimos no caso de María Cristina, podía conformar toda unha lexitimidade política ou, inclusive, ser unha fonte de desprestixio e burla popular. Victoria Eugenia criouse nun círculo que respectou e fomentou a imaxe amorosa da familia burguesa dentro da aristocracia, unha que intentou replicar primeiramente dando unha abundante descendencia (contando sete partos en sete anos) á dinastía, e sendo totalmente responsable da compra do material para a crianza. Para iso escolleu tendas nacionais e lugares relacionados coa caridade coma o *Asilo de María*

---

<sup>73</sup> Hijano Pérez, Ángeles, “Ena de Battenberg...”, Op. Cit., pp. 133-134.

<sup>74</sup> Gómez Santos, Mariano, *La Reina...*, Op. Cit., 1969, pp. 93-99.

*Cristina* ou o *Colexio de M<sup>a</sup> Santísima de los Desamparados*, co obxectivo principal de gañarse a aprobación do pobo español. Ademais, as imaxes da raíña comprando por Madrid toallas, xogos de berce ou sabas rapidamente reforzaron o seu papel coma nai abnegada, pero a través da nova óptica moderna na que ela mesma participaba directamente no xogo familiar cun papel protagonista (véxase Imaxe 9 no anexo).<sup>75</sup>

Con todo, o carácter conservador da Corte española non a deixou actuar dentro desa nova forma de estrutura familiar, aínda pouco estendida en España. Prohibíuselle darlle o peito aos seus fillos, guiar a súa educación ou, mesmo, a intimidade no momento do parto, onde estivo obrigada a tolerar a asistencia das principais personalidades políticas do país. Este control durante os seus primeiros anos na Corte chegou ata o punto que non foi quen de ter correspondencia privada sen ser supervisada pola Mordomía Superior de Palacio. Tamén a culpabilidade e o xuízo público pola hemofilia que padeceu o seu fillo primoxénito xogaron en contra da proxección pública de Victoria Eugenia.<sup>76</sup>

A súa situación persoal e privada en relación co seu matrimonio tamén se fixo eco, aínda que máis tarde, da opinión pública. Denigróuse a imaxe de Victoria coma unha muller frívola e, quizais, demasiado recta nos seus valores morais con respecto ao seu matrimonio co rei. As constantes e coñecidas aventuras amorosas de Alfonso XIII, xunto coa mala relación que supostamente existiu coa raíña nai M<sup>a</sup> Cristina despois do inicio da Primeira Guerra Mundial, minaron a estabilidade emocional de Victoria Eugenia.<sup>77</sup> A chegada dos reis exiliados a París en abril do 1931 cesará a súa vida en parella por sempre, sendo isto interpretado pola opinión pública española coma unha xustificación da frivolidade de Victoria e a súa coerción do estilo de vida dun rei viril, pícaro e, por enriba de todo, español.<sup>78</sup>

---

<sup>75</sup> Hijano Pérez, Ángeles, “Ena de Battenberg...”, Op. Cit., pp. 146-151.

<sup>76</sup> *Ibidem*.

<sup>77</sup> *Ibidem*, pp. 151.

<sup>78</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota...*, Op. Cit., pp. 19.

Outra das grandes dificultades de Victoria Eugenia para a consolidación da súa imaxe coma raíña en España será o contraste cultural entre a súa Inglaterra natal e unha España tradicional. O pouco gusto de Victoria Eugenia pola tauromaquia, para a que acabou admitindo empregar os prismáticos ao revés para non presenciar o espectáculo, acabou por sepultar os seus intentos por españolizar a súa figura co uso da mantilla, as visitas nacionais (véxase Imaxe 10 no anexo) ou os peiteados con caraveis das cores da bandeira española. Así, foi recoñecida pola prensa e pola Corte como *A Etranxeira*, un alcume que potenciaba a súa afastada presenza do ideal castizo. Pero seguía sendo admirada pola súa beleza, submisión e o amor e coidado que parecía proporcionar ao seu marido e aos seus fillos.<sup>79</sup> Así, a maioría das imaxes que se proxectaron dela na prensa durante as narracións da súa voda, foron construídas a través do acollemento da súa beleza anglosaxona, que se vía exótica e ideal, e a súa aparente timidez. A narración do periódico afonsino e conservador *La Época*, amosa isto con claridade:

“La belleza de la Reina producía general admiración. Hombres y mujeres del pueblo la echaban requiebros sin cesa (...), la Reina ha conquistado el corazón de los madrileños con su bondad y hermosura”.<sup>80</sup>

### **3.3. Victoria Eugenia, muller moderna e humanitaria: renovadora da Corte**

Tendo en conta o que explicamos anteriormente, é preciso aclarar que o propio ideal da interacción social da monarquía co pobo comeza a mediatizarse a partir do novo século, especialmente pola configuración da xa citada *welfare monacrchy*. Así, as mulleres aristócratas, ademais de seguir mantendo o arquetipo doméstico, aínda que baixo un envoltorio e enfoque máis moderno, conciliaban a caridade coma unha actividade que se axustaba perfectamente ao seu rol de nais coidadoras, abnegadas e moralmente

---

<sup>79</sup> Gómez Santos, Mariano, *La Reina Victoria...*, Op. Cit., pp. 145-149.

<sup>80</sup> *La Época*, 01-VI-1906, recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

irreprochables. En vez de realizar esta función nas esferas privadas trasladaban esta aos ollos públicos na mesma perspectiva.<sup>81</sup>

Con todo, a labor de Victoria Eugenia debe ser resaltada coma unha auténtica reivindicación da súa propia imaxe, conformada baixo o mundo cultural anglosaxón, fronte a unha sociedade á que intentou modernizar. Así, grazas á súa presenza coma raíña de España os límites cotiás das mulleres no país comezarán a ampliarse cara campos pouco explorados por mor dos paradigmas patriarcais.

Atendendo primeiramente á súa imaxe, tanto estética coma en forma de comportamentos e costumes, Victoria Eugenia supuxo en España todo un desafío para a percepción pública da súa imaxe. A moda española estaba rexida por solemnidade e conservadorismo, onde as cores escuras e as formas austeras predominaban cun dogma católico que non deixaba gran liberdade ao estilo persoal. Ante isto, Victoria Eugenia, nada máis chegada de Inglaterra, vestía con vestidos curtos e de cores, e con tocados e sombreiros á moda europea e estadounidense. Tamén os seus conxuntos xogaban con diferentes escotes, telas e novos estampados que chegaban das modas da *Belle Époque*, converténdoa nunha embaixadora da innovación estilística en España. Isto permitiulle dar ao matrimonio un perfil de frescura e modernidade, e fomentar a imaxe da raíña coma beleza predominante e influencia para as mulleres aristócratas e burguesas, que rapidamente comezaron a imitala.

Tamén as vistosas xoias e os largos colgantes de perlas (preferiblemente de Ansorena ou Cartier), tendencia a partires dos anos 20 pola moda *flapper*, foron parte do icónico e recoñecible armario de Victoria Eugenia (véxase Imaxe 11 no anexo). A súa imaxe coma obxecto de interese estético comezou a popularizarse de tal xeito que se vinculou e disparou carreiras tan coñecidas coma a de Cristóbal Balenciaga, co que mantivo unha gran amizade que durou ata o día da súa morte. Unha proba irrefutable desta modernidade estilística que puxo a Victoria Eugenia no punto de mira coma referente influínte é a cesión da súa imaxe

---

<sup>81</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota...*, Op. Cit., 2023, pp. 196-197.

para espazos publicitarios de moda e cosmética, como a súa colaboración con Pond's para promocionar unha nova tirada de cremas estéticas en 1925 (véxase a Imaxe 12 no anexo).<sup>82</sup>

Con todo, ela mesma era consciente da disonancia que a súa forma de estilo persoal presentaba ante a Corte na que agora vivía, polo que nas presentacións e retratos oficiais intentou seguir o ideal católico español. Un caso anecdótico, pero moi representativo, serían as sesións que o pintor Xoaquín Sorolla realizou para pintar á Familia Real, coma medio para divulgar e popularizar a súa figura. Nos retratos individuais de Vitoria, a propia raíña requiriu representar dúas facetas, moi diferentes, dela mesma: cadros icónicos como o seu retrato coa clásica mantilla de encaixe negra (un que provocou polémica á súa chegada a Buckingham, véxase a Imaxe 13 no anexo); ou o da presentación informal, con vestidos frouxos e nada cinguidos (típico dos anos 20), que quedou para as cámaras privadas de Palacio.<sup>83</sup>

A súa actitude presentouse xuvenil e activa, poñendo de moda deportes aristocráticos coma o golf e, especialmente, o tenis, ao que era unha gran afeccionada (véxase a Imaxe 14 no anexo). Este gusto pola actividade física tamén provocou polémica na Corte española á súa chegada, acostumada á domesticidade dunhas damas que vivían por e para exclusivamente o seu labor coma nais, esposas e damas do fogar. Victoria Eugenia permitiu, así, que estes límites de comportamento se relaxaran e o deporte tamén comezará a ser tendencia entre as damas de Corte españolas. Tamén a raíña contaba con *hobbies* particulares para a súa condición feminina coma a equitación ou a paixón polos automóviles e a conducción. Esta última foi compartida co seu marido, pero a diferenza del, as presentacións públicas de

---

<sup>82</sup> Molinero, Lourdes e Javier Fernández Aguado, "Victoria Eugenia de Battenberg, una reina que renovó España" en Molinero, Lourdes e Javier Fernández Aguado (eds.), *La sociedad que no amaba a las mujeres*, Editorial Empresarial, Madrid, 2012, pp. 148-150.

<sup>83</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota...*, Op. Cit., pp. 138-139.

Victoria Eugenia conducindo eran evitadas por medo a difamacións, nun país no que esta actividade era, aínda, restrinxida aos varóns.<sup>84</sup>

Con todo, non tódalas accións de Victoria Eugenia foron copiadas de bo gusto e interpretadas coma unha boa influencia para as mulleres españolas. A súa inclinación por fumar e beber alcohol, e a súa indiferenza a realizalo de xeito público, mancharon o seu nome e vincularon a súa imaxe coa vulgaridade e a masculinidade, afastándoa dos ideais burgueses do que era considerado “boa muller”. Con todo, isto foi algo que tamén influenciou ás mulleres aristócratas do país, que rapidamente se inclinaron por estas actividades, así como tamén por outras modas que a raíña trouxera de Inglaterra coma o té das cinco, a cerimonia da tarta nas vodas ou, inclusive, algúns anglicismos: *sports*, *pudding*, *garden* ou *party*.<sup>85</sup>

Pero sen dúbida a gran afección de Victoria Eugenia, e a que máis a uniu ao rei Alfonso nun primeiro momento, foi o seu gusto pola agricultura e a xardinería, ambas actividades tamén vinculadas á masculinidade e á virilidade. O gusto da raíña pola botánica ou outras labores do campo non eran algo estraño no contexto anglosaxón, onde o movemento cultural denominado *Back to the Land*<sup>86</sup> levaba ás mulleres aristócratas e privilexiadas a organizar quedadas de agricultura e coidado dos seus idílicos xardíns. En España este gusto foi visto coma algo extravagante, aínda que foi tomado pola opinión pública como toda unha virtude pola importancia que Alfonso tamén lle quería dar á agricultura coma actividade produtiva crecente, chegando a ser chamado “o primeiro agricultor do país”.<sup>87</sup>

---

<sup>84</sup> Molinero, Lourdes e Javier Fernández Aguado, “Victoria Eugenia...”, Op. Cit., pp. 148-150.

<sup>85</sup> Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y...”, Op. Cit., pp. 183-190.

<sup>86</sup> Enténdase coma o definido e non coma a corrente contracultural norteamericana dos anos 60 e 70 que provocou o exilio urbano nalgunhas cidades de EEUU e que influenciou outros movementos como o pacifista ou o *hippie*.

<sup>87</sup> Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y...”, Op. Cit., pp. 183-190.

Aínda así, nesta construción pública de Victoria Eugenia coma muller moderna é, se cabe, moito máis relevante non falar das súas costumes e estética, e sí da súa labor coma aristócrata humanitaria. É co comezo da Primeira Guerra Mundial no 1914<sup>88</sup>, cando a labor caritativa e abnegada de Victoria Eugenia comeza a tomar accións máis vencelladas ao mundo político-social. A súa condición de muller, co seu rol atribuído por tanto de coidadora, só lle permitira ata entón acceder a este a través da presenza en cerimonias de celebración dos soldados caídos e na enfermería.<sup>89</sup>

A súa gran vocación por dita profesión provocou que no 1915 Alfonso XIII a designara máxima autoridade da sociedade feminina da Cruz Vermella, co obxectivo principal de reorganizar a asociación para convertela nun órgano efectivo e completamente disposto a suplir esa faceta da España neutral no contexto da Gran Guerra. A labor de Victoria Eugenia conseguiu independizar por completo as accións da rama feminina da masculina, conseguindo financiación independente a través da celebración de festas “patriotas” e populares, entre as que destacaban as corridas de touros. A creación dun corpo de enfermeiras españolas laicas, é dicir, independente das relixiosas humanitarias, conseguiu profesionalizar un campo vencellado ás ciencias da saúde e á personalidade feminina, xa que baixo os estereotipos de xénero non dexeneraba o carácter coidador e materno das mulleres, simplemente o impulsaba a unha nova esfera social (véxase Imaxe 15 no anexo).<sup>90</sup>

Con todo, as súas labores fundamentais nunca foron tomadas en gran consideración polos seus contemporáneos, xa que estaban destinadas a coidar dos feridos en combate e velar polos cidadáns e nenos civís na fronte, e non tanto coa labor do médico de guerra, máis venerada. Victoria Eugenia, ademais, tamén requiriu unha maior consideración pola labor

---

<sup>88</sup> Unha que a implicaba persoalmente polo falecemento do seu irmán, Mauricio de Battenberg, na fronte de Ypres. Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y...”, Op. Cit., pp. 183-190.

<sup>89</sup> Hijano Pérez, Ángeles, “Ena de Battenberg...”, Op. Cit., pp. 152-154.

<sup>90</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota...*, Op. Cit., pp. 252-254.

das enfermeiras da Cruz Vermella, permitíndolles recibir cursos teóricos e prácticos para desenvolver correctamente a súa importante labor, ademais de conceder títulos e condecoralas.<sup>91</sup>

Aínda así, recibiu grandes críticas por parte de referentes feministas do momento, coma Margarita Nelken, que criticaba o elitismo da promoción de mulleres da alta sociedade nesta nova Cruz Vermella. É dicir, que a acción humanitaria se facía baixo o disfrace da enfermería coma unha extensión do ‘anxo do fogar’, e non a través da súa defensa lexítima coma campo laboral no que a muller estaba incluída<sup>92</sup>. Unha narración do 4 de xaneiro do 1920 do xornal de ideoloxía liberal *El Liberal*, pode mostrar con nitidez este elitismo e potenciación das figuras aristocráticas dentro das accións patrocinadas pola Cruz Vermella:

“En el Hospital de Patronato (...) por iniciativa de Doña Victoria, se instaló un precioso árbol de Navidad con costosos juguetes, regalados por los Reyes y señoras asociadas, muchas de las cuales donaron también importantes cantidades en metálico. Recibieron juguetes, prendas de vestir, dinero, pan y dulces (...) que les fueron entregados personalmente por las Reinas Doña Victoria y Doña María Cristina, la Infanta Isabel y la Duquesa de Talavera”.<sup>93</sup>

É evidente que o impulso que levou a cabo Victoria Eugenia da Cruz Vermella non foi só vital senón tamén destacable coma unha verdadeira labor humanitaria desenvolvida en forma dun proxecto de magnitude; cimentou a súa presenza coma nai abnegada da patria

---

<sup>91</sup> Tamén é destacable a súa presenza no impulso de asociacións de xente nova exploradora (toda unha importación do sistema británico dos *scouts*) ou doazóns á Liga contra o Cancro ou a grupos de investigación que loitaban contra a tuberculose en España. Outros importantes fitos relacionados coa influencia de Victoria Eugenia no mundo da saúde serían a fundación de importantes hospitais por todo o país, coma o madrileño “Hospital de San José y Santa Adela”, en 1918, e loitar pola xusta retribución do corpo médico. Molinero, Lourdes e Javier Fernández Aguado, “Victoria Eugenia de Battenberg...”, Op. Cit., pp. 148-150.

<sup>92</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota...*, Op. Cit., pp. 258-259.

<sup>93</sup> *El Liberal*, 04-I-1920, recuperado a través de la Hemeroteca Nacional Digital.

(unha das acepcións simbólicas da figura da raíña) e integrante da tan nomeada *welfare monarchy* (véxase a Imaxe 16 no anexo).<sup>94</sup>

#### **4. Conclusións e reflexións finais**

Como síntese da tese final podemos resaltar a exemplaridade de ambas raíñas coma modelos hexemónicos de feminidade do seu propio momento.

M<sup>a</sup> Cristina de Habsburgo-Lorena pode ilustrarse coma unha muller decimonónica por excelencia. Fiel e castigada esposa, nai adicada e católica abnegada, respondeu con claridade e precisión, nun contexto no que cada vez as figuras monárquicas estarán máis mediatizadas, a esa fantasía doméstica que o dogmatismo burgués construíu para as mulleres do século XIX. Porén, non pode ser esquecida, dentro de toda esta representatividade canónica, a súa transgresión dos espazos de poder sexuais durante o período da Rexencia (1885-1902), no cal será loada ou xulgada dependendo unicamente dos patróns de xénero e non da súa capacidade política. Isto non mostra senón a falta de perspectiva social ante unha muller á cabeza do goberno ou de calquera esfera cunha mínima capacidade de representación pública, xa que o lugar relegado a elas era o doméstico, o oculto (privado).

Por outra banda, sen esquecer as grandes mudanzas e cambios que se presentaron a comezos do século XX, con especial énfase na loita feminista española, Victoria Eugenia de Battenberg viu a presentar un novo modelo de muller máis moderna e acorde á realidade europea. Cunha estética máis atrevida e unha posición pública notablemente definida polas actividades caritativas e os avances sociais, a princesa inglesa abriu as portas ás mulleres españolas cara novos patróns de conducta e de representación social. Porén isto non viu sen críticas e comparacións con M<sup>a</sup> Cristina, cuxa ridiculizada devoción católica e austeridade seguían supondo un patrón moral para as actividades “demasiado rebeldes” de Victoria

---

<sup>94</sup> Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota...*, Op. Cit., pp. 256

Eugenia, a cal non perdeu de vista tampouco estes limitados horizontes de comportamento social.

Con todo, os estudos históricos que presentamos aquí, se ben destacan a presenza da raíña de Alfonso XIII coma unha viva imaxe do cambio de ideal feminino, tamén sinalan que a voluble e cambiante opinión pública non é senón mostra da ansiedade popular con respecto a unha raíña que loitou por preservar un modelo moderno fronte á solemnidade da súa predecesora. Ademais, tampouco é de esquecer que a súa labor no campo humanitario e médico en España é non só remarcable, senón que pode ser visto coma unha emancipación dos seus intereses individuais coma muller e raíña nunha sociedade aínda anticuada pero que a través dela tamén logrou modernizarse.

A súa suposta rivalidade polas posturas enfrontadas dos seus países natais na Primeira Guerra Mundial (1914-1918), sen dúbida acabou por colocar a ambas raíñas nun lugar contraposto de moldes femininos presentados ante a sociedade, de aí que o seu estudo representativo sexa tan doado e permita observar con claridade esta marcada diferenza entre as súas proxeccións coma ‘esposas do rei’. Con todo, esta cuestión, estudada con pouca profundidade dentro da perspectiva da monarquía española, non debe manterse illada da historia de xénero nin tampouco eclipsar a realidade histórica: o cambio dentro da feminidade hexemónica realizouse a través da loita feminista ao longo de todo o século XX.

Aínda así, tanto M<sup>a</sup> Cristina coma Victoria Eugenia serven coma vivo exemplo, coma raíñas, da representación ideal do que era ser muller nunha sociedade monárquica. Ambas viviron a ansiedade de conciliar as súas propias contradicións persoais cun modelo hexemónico ao que se tiveron que limitar e a partir do cal tiveron que actuar, sen deixar de desenvolver un papel destacado na historia do noso país, xa sexa coma rexentes ou impulsoras da enfermería de guerra.

O estudo destas dúas figuras tan pouco valoradas (enténdase polo volume de bibliografía puramente histórica e académica que podemos atopar delas) pode servir xa non só para

poñer en valor a súa presenza, senón coma un medio, moi útil e mediatizado, de estudar a historia das mulleres na España contemporánea.

## BIBLIOGRAFÍA

- Aresti Esteban, Nerea, “El ángel del hogar y sus demonios. Ciencia, religión y género en la España del siglo XIX”. *Historia contemporánea*, Vol. 21, 2000, pp. 363-394.
- Ballarín Domingo, Pilar, *La educación de las mujeres en la España contemporánea (siglos XIX-XX)*, Editorial Síntesis, Madrid, 2001.
- Barral Martínez, Margarita, “Alfonso XIII visita Galicia: de peregrino real a turista de élite”, en Idem (ed.), *Alfonso XIII visita España. Monarquía y nación*, Comares Historia, Granada, 2016, pp. 101-125.
- Barral Martínez, Margarita, *Montero Ríos e Compostela. Un feudo clientelar*, Sotelo Blanco - Consorcio da cidade de Santiago, Santiago de Compostela, 2007.
- Barral Martínez, Margarita e Alfonso Iglesias Amorín, “Alfonso XIII, ese hombre: masculinidad, nación e imperio”. *Ayer*, Vol. 4, 2023 (4), pp. 255-281.
- Calderón Berrocal, María del Carmen, “Apuntes sobre Victoria Eugenia de Battenberg, reina de España”. *Tabularium*, Vol. 10, 2023 (1), pp. 109-179.
- Cantero Rosales, María Ángeles, “De “perfecta casada” a “ángel del hogar” o la construcción del arquetipo femenino en el siglo XIX”. *Tonos digital: revista de estudios filológicos*. Vol. 14, 2007, pp. 1-59.
- Cantero Rosales, María Ángeles, “El ángel del hogar y la feminidad en la narrativa de Pardo Bazán”. *Tonos digital: revista de estudios filológicos*. Vol. 21., 2011, pp. 1-20.
- Folguera, Pilar, *El feminismo en España: dos siglos de historia*, Editorial Pablo Iglesias, Madrid, 2007.
- Gómez Santos, Mariano, *La Reina Victoria Eugenia De Cerca*, Editorial Magisterio Español, S. A., Madrid, 1969.

- González Castillejo, María José, “Sobre identidad y rebeldía: la construcción del género y la clase en la dictadura de Primo de Rivera”, *Baetica. Estudios de Arte, Geografía e Historia*, Vol. 31, 2009, pp. 513-524
- Hijano Pérez, Ángeles, “Ena de Battenberg, las desgracias de una reina”, *Aportes. Revista de Historia Contemporánea*, Vol. 191, 2019 (34), pp. 131-155.
- Marcos del Olmo, María Concepción y Rafael Serrano García, *Mujer y política en la España contemporánea (1868-1936)*, Ediciones Universidad de Valladolid (EdUva), Valladolid, 2012.
- Mira Abad, Alicia, “Estereotipos de género y matrimonio regio como estrategia de legitimación en la monarquía contemporánea”, *Historia Constitucional: revista electrónica de Historia Constitucional*, Vol. 9, 2016, pp. 165-191.
- Molina Puertos, Isabel, “La doble cara del discurso doméstico en la España liberal: el “ángel del hogar” de Pilar Sinués”, *Pasado y memoria. Revista de Historia Contemporánea*, Vol. 8, 2009, pp. 181-197.
- Molinero, Lourdes e Javier Fernández Aguado, “Victoria Eugenia de Battenberg, una reina que renovó España” en Molinero, Lourdes e Javier Fernández Aguado (eds.), *La sociedad que no amaba a las mujeres*, Editorial Empresarial, Madrid, 2012, pp. 148-150.
- Moreno Luzón, Javier, *El rey patriota. Alfonso XIII y la nación*, Galaxia Gutenberg, Madrid, 2023.
- Moreno Seco, Mónica, “María Cristina de Habsburgo, la (in)discreta regente” en La Parra, Emilio (coord.), *La imagen del poder. Reyes y regentes en la España del siglo XIX*, Síntesis, Madrid, 2011, pp. 389- 431

Moreno Seco, Mónica, “Discreta regente, la austríaca o Doña Virtudes. Las imágenes de María Cristina de Habsburgo”, *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, Vol. 22, 2009 (2), pp. 159-184.

Moreno Seco, Mónica e María Ángeles Casado Sánchez, “María Cristina de Borbón y María Cristina de Habsburgo: dos regentes entre los modos aristocráticos y los burgueses”, *Historia y política: Ideas, procesos y movimientos sociales*, Vol. 31, 2014 (1), pp. 113-138.

Taroconte Domínguez, María-José, “Una aproximación a la construcción de la mujer de la España del primer tercio del siglo XX”, *Cuadernos del Ateneo*, Vol. 32, 2014, pp. 110-123.

**HEMEROTECA HISTÓRICA (1885-1920)**, a través da consulta dixital da Hemeroteca Nacional.

- *El Imparcial*
- *El Liberal*
- *El Mediodía*
- *La Época*
- *La Ilustración Española y Americana*
- *Mundo Gráfico*
- *Siglo Futuro*

**HEMEROTECA ACTUAL (2019-2020)**

- *La Vanguardia*, 25-XI-2019
- *El Mundo*, 06-I-2020

- *ABC. Archivo*, 10-III-2020
- *Nueva Tribuna*, 02-IX-2023

## FONTES DAS IMAXES

**Imaxe 1:** *Mundo Gráfico*, nº 21, 13-XII-1911. Recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

**Imaxe 2:** Imaxe recuperada da páxina web “Colección Banco de España”, a través do enlace:

[https://coleccion.bde.es/wca/es/secciones/coleccion/obras/maria-cristina-de-habsburgo-lorena-con-alfonso-xiii-p\\_125.html](https://coleccion.bde.es/wca/es/secciones/coleccion/obras/maria-cristina-de-habsburgo-lorena-con-alfonso-xiii-p_125.html)

**Imaxe 3:** Imaxe recuperada da páxina web oficial de “Museo Nacional del Prado”, a través do enlace:

<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/muerte-de-alfonso-xii-el-ultimo-beso/6cf3b00f-9283-44a0-9870-cfbb74289c7d>

**Imaxe 4:** Imaxe recuperada da páxina web oficial de “El Congreso de los Diputados”, a través do enlace: <https://www.congreso.es/es/cem/restaur>

**Imaxe 5:** *Nueva Tribuna*, 02-IX-2023. Recuperado a través do seguinte enlace: <https://www.nuevatribuna.es/articulo/cultura---ocio/regencia-maria-cristina-habsburgo/20230902125523216406.html>

**Imaxe 6:** Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969)*, *Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 14

**Imaxe 7:** Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969)*, *Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 15

**Imaxe 8:** *Archivo ABC*, 10-III-2020. Recuperado a través do seguinte enlace: [https://www.abc.es/archivo/abci-hemos-conseguido-logro-abc-primera-gran-exclusiva-periodistica-espana-202003100140\\_noticia.html](https://www.abc.es/archivo/abci-hemos-conseguido-logro-abc-primera-gran-exclusiva-periodistica-espana-202003100140_noticia.html)

**Imaxe 9:** Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969)*, *Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 105

**Imaxe 10:** Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969)*, *Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 120

**Imaxe 11:** Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969)*, *Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 133

**Imaxe 12:** *El Mundo*, 06-I-2020. Recuperado a través do seguinte enlace: <https://www.google.es/amp/s/amp.elmundo.es/loc/famosos/2020/01/06/5de115aafc6c8322438b460d.html>

**Imaxe 13:** *La Vanguardia*, 25-II-2019. Recuperada a través do seguinte enlace: <https://www.lavanguardia.com/cultura/20191125/471850253270/sorolla-retrato-victoria-eugenia-rechazado-buckingham-palace-exposicion.html>

**Imaxe 14:** *Mundo Gráfico*, 11-IX-1912. Recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

**Imaxe 15:** Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969)*, *Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 77

**Imaxe 16:** Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969)*, *Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 190



**Imaxe 3:**



Cadro “Muerte de Alfonso XIII (El último beso)”. Juan Antonio Benlliure y Gil (1887), Museo do Prado.

**Imaxe 4:**



Cadro “Jura de la Constitución por la Reina Regente María Cristina de Habsburgo-Lorena”. Francisco Javier Casanova e Joaquín de Sorolla y Bastida (1897), Palacio do Senado.

**Imaxe 5:**




Caricatura que representa a Cánovas e Sagasta xogando sobre unha axeonllada M<sup>a</sup> Cristina, en representación do 'turnismo' e a confianza dela nos políticos varóns. *El Motín*, 10-VIII-1892.

**Imaxe 6:**



Victoria Eugenia, de nena, coa súa avoa a raíña Victoria en 1897. Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969), Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 14.

**Imaxe 7:**




*Ena, de pequena, aprendendo a montar a cabalo. Morral Roncal, Antonio, Victoria Eugenia reina de España (1887-1969), Biografía breve, Ediciones 19, Madrid, pp. 15*

**Imaxe 8:**




Fotografía do atentado na voda de Victoria Eugenia e Alfonso XIII, o 31 de maio de 1906. *Archivo ABC*, 10-III-2020.

**Imaxe 9:**



A raíña Victoria Eugenia léndolle ao príncipe Alfonso en 1908. Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969), Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 105

**Imaxe 10:**



A visita da raíña Victoria Eugenia en Las Fraguas (Cantabria) recollida por *Mundo Gráfico*. Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969), Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 120

**Imaxe 11:**



Victoria Eugenia cun dos seus icónicos conxuntos modernos á moda estadounidense. Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969), Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 133

**Imaxe 12:**

H.M. VICTORIA EUGENIA Queen of Spain



**H**ER MAJESTY, Victoria Eugenia, Queen of Spain, is the embodiment of queenly beauty. She is granddaughter of Queen Victoria, niece of King Edward VII, and cousin to the reigning King of England. When as a Princess of the British royal household she married the 4th Emperor-King of Spain, she was "a beauty from the North, with pure golden hair, wild rose complexion and eyes of molten blue." Today as Victoria Eugenia, Queen of Spain, and mother of six happy children, she is more beautiful, more regal than ever.

**T**his gold-lined silver Tiffany jar below, a hand and engraved with the royal coat and monogram and filled with Pond's Cold and Vanishing Cream, was manufactured by the Pond's Extract Company as a gift for Her Majesty's dressing table. Her Majesty, who uses the cream, has expressed her royal pleasure in them.

**I**f you would like to try these delicate cream of which Her Majesty has signified her appreciation—Pond's Cold Cream for cleaning and protecting the fine texture of the skin, Pond's Vanishing Cream for banishing an unregarding blemish, a foundation for powder and a complete protection against exposure—read the other bottles.

**FREE OFFER:** Mail orders for five tubes of Pond's Vanishing Cream and shipment free. The Pond's Extract Company, Dept. R, 149 Madison Street, New York, U.S.A. Please send me five tubes of Pond's Vanishing Cream.

Name \_\_\_\_\_  
City \_\_\_\_\_ State \_\_\_\_\_

 A recent portrait of Her Majesty, Victoria Eugenia, Queen of Spain, here reproduced by gracious permission of Her Majesty to the Pond's Extract Company

Anuncio de Pond's empregando a cara de Victoria Eugenia como reclamo publicitario. *El Mundo*, 06-I-2020

**Imaxe 13:**



Cadro de Victoria Eugenia coa clásica mantilla española. Joaquín Sorolla (1907), Museo Sorolla. *La Vanguardia*, 25-XI-2019.

**Imaxe 14:**



Victoria Eugenia xogando ao tenis no Palacio da Magdalena en Santander. *Mundo Gráfico*, 11-IX-1912. Recuperado a través da Hemeroteca Nacional Dixital.

**Imaxe 15:**



Victoria Eugenia vestida de enfermeira como promoción da Cruz Vermella. Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969), Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 77.

**Imaxe 16:**



Victoria Eugenia visitando nenos enfermos como unha campaña de promoción dentro do novo modelo da *welfare monarchy*. Morral Roncal, Antonio, *Victoria Eugenia reina de España (1887-1969), Biografía breve*, Ediciones 19, Madrid, pp. 190.